



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 7

Sesión da Deputación Permanente
26 de marzo de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGY678F6Uc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e as medidas adoptadas respecto desta situación pola Xunta de Galicia (doc. 63758, 10/SCDP-000007)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente propón gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas da pandemia provocada pola covid-19. (Páx. 4.)

As señoras e os señores deputados, así como os demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 4.)

Deseguido, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa que comprobe a asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Blanco Rodríguez) le a relación de asistentes. Finalizada a comprobación, comunícalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 4.)

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e as medidas adoptadas ao respecto pola Xunta de Galicia. (Punto único da orde do día)

O señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate e os tempos de intervención dos grupos. (Páx. 4)

Intervención do señor presidente do Goberno: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 16.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 20.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx.25 .), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 30.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 33.)

Réplica do señor presidente do Goberno: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 37.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do señor presidente do Goberno (Páx. 45.). Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx. 46.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 48.), o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 50.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 53.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 55.) e o señor presidente do Goberno. (Páx. 57.)

Remata a sesión ás tres e corenta e oito minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo a esta sesión da Deputación Permanente.

Antes pregaríalles que gardaremos un minuto de silencio por todas as persoas falecidas como consecuencia desta pandemia, así como tamén para trasladar unha mensaxe de ánimo a todas as persoas que están a padecer esta enfermidade.

(As súas señorías gardan un minuto de silencio.)

Grazas.

Agora si comezamos esta Deputación Permanente.

Para iso prégoles á secretaria, señora Blanco, que proceda á comprobación de asistencias con indicación das substitucións ou das delegacións.

A señora SECRETARIA DA MESA (Blanco Rodríguez): Moi bo día, señorías.

Foi comprobada a presenza dos deputados e deputadas con delegación de voto e confírmase que hai quórum, señor presidente.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Luís Manuel Álvarez Martínez; D. Gonzalo Caballero Míguez; D. Alberto Núñez Feijóo; D^a Ana Belén Pontón Mondelo; D. Pedro Puy Fraga; D. David Rodríguez Estévez (en substitución de D. Luís Villares Naveira); D. Alfonso Rueda Valenzuela; D. Antón Sánchez García; D. Miguel Ángel Tellado Filgueira; D. Diego Calvo Pouso; D. Miguel Ángel Santalices Vieira e D^a Noela Blanco Rodríguez.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e as medidas adoptadas ao respecto pola Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: A orde do día —como ben saben— consta dun punto único e foi publicada no BOPG.

Como xa informei a todos os portavoces, a mecánica consiste nunha intervención do presidente —primeira intervención sen límite de tempo—, rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos, réplica do presidente —tamén sen límite de tempo— e a posibilidade de apertura dunha rolda especial de aclaracións por un tempo de cinco minutos por grupo parlamentario, para proceder despois ao peche por parte do presidente.



Comezamos, polo tanto.

Para iso ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente.

Señora e señores portavoces, comparezo hoxe na Deputación Permanente para dar conta da situación xerada pola pandemia do coronavirus e a resposta que demos e estamos a dar en Galicia para anticipar, conter e paliar, na medida do posible, os seus efectos.

E comezo, como o estou a facer practicamente a diario, informando da situación actual, segundo os últimos datos recibidos no Servizo Galego de Saúde ás nove horas deste día 26 de marzo:

O número de persoas diagnosticadas co virus ascenden en Galicia a 1.888, o que supón un incremento con respecto ao día de onte do 12,51 %, duascenas vinte e unha persoas diagnosticadas máis.

O número de pacientes que se atopan nas UCI ascende a 91, o que supón un 15,19 % con respecto aos doce pacientes que estaban no día de onte á mesma hora.

O número de pacientes hospitalizados ascende a 520, o que supón un 5,05 %, vinte e cinco pacientes máis sobre o día anterior. E a domicilio o número de persoas confinadas e diagnosticadas ascenden a 1.377, o que supón cento oitenta e catro persoas máis, un 15,42 %.

O número de altas ascende a 54 e o número de falecidos chega a 37.

En termos de porcentaxe, o número de pacientes que están nas UCI neste momento é o 4,6 %; o número de pacientes que se atopan en planta de hospitalización, o 26,2 %, e o número de pacientes que se atopan en domicilio, o 69,3 %.

Co obxecto de comparar estes datos, como vén sendo habitual sobre 100.000 habitantes, acumulados os últimos catorce días, en Galicia temos unha porcentaxe de impacto por 100.00 habitantes de 69,66, e é a media de España ascende a 103,03 %.

Vaia por diante, antes de nada, o noso pesar para as trinta e sete familias destes falecidos, que á dor inevitable dun pasamento suman por riba a dor de ter que pasar este trance nunha situación que complica mesmo despedirse dos seus seres queridos. Tamén o meu ánimo a todas as persoas que sofren esta enfermidade nos hospitais e nas súas casas, e aos seus seres queridos, que senten angustia desde a obrigada distancia. ¡Hai esperanza porque están nas mellores mans!

Señorías, a maior parte desta comparecencia non é novidosa; non é novidosa para ninguén dos que estamos aquí, nin tampouco para a maioría do pobo galego, que está nas súas casas. Cada día intentamos informar coa maior transparencia do que somos capaces sobre a evolución da pandemia. Os grupos políticos están sendo informados puntual e persoalmente



polos distintos membros do Goberno, no que me inclúo. Este pasado domingo celebramos a terceira videoconferencia de información en sete días. E, sobre todo, cada galego coñece mellor que ninguén o que está a suceder, porque todos o estamos a vivir con maior ou menor intensidade.

Pero, en calquera caso, creo que esta situación sen precedentes na nosa historia, tan difícil e tan dura, debe quedar plasmada neste parlamento. A celebración desta reunión da Deputación Permanente nun hemiciclo practicamente deserto é unha imaxe que amosa ben ás claras que estamos ante unha situación extraordinaria, que require dunha resposta extraordinaria.

Algún día, as xeracións vindeiras virán a este *Diario de Sesións* para coñecer como reaccionamos a este momento tan trágico, e gustaríame que as primeiras palabras que lean do que entón tivo a honra de ser presidente da Xunta sexan que, con toda a dor e tamén coas contrariedades que isto está a supoñer para cada un de nós, a reacción de todos os grupos e, sobre todo, a reacción do pobo galego é para sentirse plenamente orgulloso.

É un orgullo contar con persoal sanitario que está exercendo con profesionalidade e tamén con corazón, que está atendendo todas e cada unha das persoas e que nin ante os cadros médicos máis complexos dan unha vida por perdida. Para todos eles non hai palabras que poidan describir o noso agradecemento, como tampouco as hai para o persoal das residencias, dos servizos no fogar e demais servizos sociais.

É un orgullo o traballo que están a desenvolver os membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado e do Exército para que nos protexamos máis.

É un orgullo a responsabilidade de cada un dos traballadores dos servizos esenciais, os traballadores das farmacias, os reparadores, os transportistas, os agricultores e gandeiros, os carniceros, os pescadeiros e os mariñeiros, os panadeiros, os empregados de supermercados e de tendas de alimentación, os traballadores de almacén e loxística, os profesionais dos medios de comunicación, a xente da construción... En definitiva, todos aqueles empregados públicos que están en servizos esenciais e doutras empresas están sostendo o país e tamén os fogares, posibilitando que en cada un deles poidan entrar alimentos, medicamentos, que haxa auga, que haxa luz e recollida de lixo.

É un orgullo a implicación de cada galego que está na súa casa, porque sabe que o mellor que pode facer para coidar dos demais é coidarse a si mesmo.

Gustaríame determe especialmente nos maiores e nos nenos.

Os nenos, máis alleos de todo isto, non saíron practicamente da casa durante as semanas transcorridas, nin sairán as que quedan. Son a alegría, pero eles tamén o sofren á súa maneira. Quero dar as grazas aos profesores que seguen botando unha man dende os seus domicilios. Moitos destes rapaces non recordarán no futuro todo isto ou terán un recordo difuso, pero imos pelexar con todas as nosas forzas para que a maioría destes rapaces poidan contarllelo aos seus avós e ás súas avoas.



E por iso quero dirixirme directamente aos maiores, aos que todos botamos de menos e que nos botan tamén de menos. Non estades nin estaredes sós, tedes os vosos moi pretos, tedes a Xunta de Galicia, tedes todos os concellos, tedes o Goberno de España, tedes todos os partidos que estamos aquí e tedes todo un país con vós. Pronto estaremos outra vez ao voso carón, pero quero que estes días de distancia entendades que é o mellor xeito que temos de achegarvos o noso cariño, de dicirvos que vos queremos e tamén de darvos o maior dos abrazos, que máis pronto que tarde daremosvos en persoa. ¡Volverán os días bos!

Señorías, toda a sociedade galega está respondendo. E espero que hoxe todos os representantes que estamos aquí esteamos á súa altura, cun debate que aporte propostas, melloras e tamén sume a unidade que hai en todo o país, que tamén poidan sentirse orgullosos de todos nós.

Neste sentido, gustárame recoñecer o traballo conxunto que todos os partidos fixemos para apartar do calendario a cita electoral que casual e inoportunamente nos convocaba o 5 de abril en medio da única prioridade que debemos de ter todos nós. Sorteamos unha lexislación difusa e acadamos unha solución para unha situación que nunca se dera antes. Agora, xa hai precedentes, e son cun gran traballo da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, tamén coa leal coordinación co Goberno vasco, especialmente co lehendakari, e, por suposto, cun valioso consenso dos principais partidos galegos que concorriamos a estas eleccións. ¡Oxalá este entendemento continúe agora e cando menos todos estes días, e prevaleza por riba de calquera interese persoal, partidista ou electoral, que comparado co que nos convoca sería máis cativo e incomprensible, e ademais inaceptable! Aquí xa non pode haber nin candidaturas nin candidatos, aquí xa non pode haber cores nin siglas, aquí todos somos unha: Galicia.

Comezo polo principio. Corría o mes de xaneiro cando os medios comezaban a facerse eco dun descoñecido virus que afectaba unha rexión chinesa chamada Wuhan. Logo de estenderse polo país, tamén o fixo no continente asiático, para pasar a Europa. Aquilo que entón parecía tan afastado está hoxe tamén aquí e é a maior crise sanitaria que recordamos. Parece que existe consenso agora en que se minusvalorou o risco e as posibles consecuencias do virus, mesmo cando xa se estaba a ver con todo o seu dramatismo en China, boa parte de Asia e Italia, e había xa advertencias de organismos sanitarios internacionais.

Non é o momento agora de reproches, e dende logo non os escoitarán de min. Díxeno despois da primeira videoconferencia de presidentes autonómicos co presidente do Goberno central, e quero reiteralo hoxe aquí: non son estes os momentos de ver o que se podía ter feito, senón de ver o que todos podemos facer xuntos.

O que si quero destacar é que se algo caracterizou a actuación de Galicia dende o primeiro momento foi o intento de adiantarse e tomar medidas antes de que fose demasiado tarde, anticiparnos sempre dentro das nosas competencias e no contexto da nación na que estamos. Simplemente darlles un dato:

O primeiro caso de coronavirus en Galicia detectouse o día 4 de marzo. Pois ben, unha semana antes, o 27 de febreiro, xa estaba funcionando unha comisión interdepartamental



para seguir a evolución da epidemia e xa puxeramos en marcha un número de teléfono para que a cidadanía puidese recibir información. Antes de rexistrar ese primeiro caso, o 4 de marzo, reforzamos pola vía de emerxencia a nosa resposta coa contratación de sesenta novos profesionais sanitarios e cun investimento de preto de dous millóns de euros para comprar máis respiradores e aparatos de raios portátiles para Urxencias. Todo isto antes de coñecer o primeiro caso nunha persoa infectada, que viaxou de Madrid a Galicia para facer unha entrevista de traballo, quen, por certo, quero destacar que se atopa fóra da UCI e evoluciona favorablemente. Tamén onte outra alta na Unidade de Coidados Intensivos do hospital público de Vigo. Un fío de esperanza nesta situación tan dura.

Galicia foi a penúltima comunidade na que se detectou unha persoa afectada por este virus. Pero sempre procuramos que estivera por diante na prevención e contención desta ameaza. Non se trata de anticiparse á maioría das autonomías ou mesmo ao Goberno de España, non, non se trata diso. O que importa é anticiparse á expansión dos seus efectos e poder dar unha resposta algo máis eficaz.

Por iso, cando ás vinte e tres horas do día 14 entrou en vigor o estado de alarma decretado polo Goberno central, a inmensa maioría das medidas que nel se recollen xa estaban vixentes en Galicia. Cinco días antes, o 10 de marzo, limitamos as visitas a hospitais e residencias e suspendemos os actos multitudinarios de máis de mil persoas. O 11 de marzo suspendemos e restrinximos as actividades deportivas. O 12 de marzo suspendemos toda actividade académica, pechamos bibliotecas e museos, e apostamos polo teletraballo. E xa o día 13 —con anterioridade ao estado de alarma— declaramos a emerxencia sanitaria e activouse o Plan territorial de emerxencias de Galicia.

Tomamos decisións e desenvolvemos medidas en distintos ámbitos, sempre tentando non ir un paso detrás da evolución da pandemia. Non esperamos a vernos na situación doutros lugares, fomos en paralelo con comunidades autónomas, especialmente Euskadi e Madrid, que tamén intentaron tomar decisións; é certo que nos seus ámbitos territoriais ante situacións da pandemia máis graves.

Non farei unha descrición detallada de cada unha das medidas porque, nesta cámara, creo que todos as coñecemos. Pero si creo que é preciso, cando menos, enumerar algunha, polo menos en tres apartados: no ámbito da contención, para intentar reducir os contaxios; no da dotación de medios, para estar mellor preparados para afrontar a pandemia, e no económico, para tentar reducir o impacto na economía e no emprego e mais para que a recuperación poida producirse o antes posible e chegue á inmensa maioría, especialmente a todos os que máis o necesitan.

Así, no primeiro apartado, no ámbito da contención, —como xa teño indicado— o obxectivo era anticiparse e reducir as posibilidades do contaxio. Xa con anterioridade a que o Estado decretase o estado de alarma procedemos ao peche de cafeterías, de restaurantes, de discotecas, de boa parte dos comercios, salvo aqueles imprescindibles.

No ámbito sanitario limitamos a unha persoa como acompañante do paciente nos centros, e posteriormente limitamos todas as persoas, ningún acompañante nos centros.



Suspendéronse as visitas aos centros sanitarios de visitantes médicos e suspendeuse a actividade dos voluntarios nos centros sanitarios. Substituíronse as xuntanzas presenciais con persoas alleas ao centro por videoconferencias, e promoveuse a consulta telefónica e a consulta pola internet, así como a visita domiciliaria, tanto en atención primaria como especializada.

Tamén no ámbito da política social se limitaron e posteriormente se restrinxiron as visitas a residencias de maiores ou a residencias con discapacitados internos. Suspendéronse os novos ingresos nas residencias, agás nos casos derivados polas autoridades sanitarias. Suspendeuse toda a actividade nos centros sociocomunitarios nas escolas infantís e nos centros de día. Pero ao tempo blindáronse os servizos esenciais para a atención das persoas sen fogar, e continúa o servizo de axuda no fogar e o servizo de atención ao domicilio.

Efectivamente, tamén aquel 13 de marzo na educación suspendemos todo tipo de actividade lectiva; neste caso xa, o propio día 12, cun día de anticipación, por decisión do Consello da Xunta. Pero ao tempo reforzamos ferramentas *on line*, para a atención ao alumnado. Suprimimos, por suposto, todos os servizos educativos complementarios, tanto o comedor como o transporte ou o servizo de madrugadores.

No que respecta aos empregados públicos da Administración autonómica, todos os que teñan funcións que poidan desenvolverse a distancia están teletraballando dende aquel día 13 no seu domicilio, e só seguen indo aos seus postos de traballo os que levan funcións esenciais de acordo co Decreto de emerxencia sanitaria e, posteriormente, co Real decreto do Goberno central de alarma.

Dende o día 13 de marzo, no eido cultural pechamos ao públicos os arquivos e museos, suspendemos todo tipo de eventos no exterior e no interior, pecháronse todos os dispositivos culturais, que seguen ofrecendo contidos e recursos *on line*. Tamén reducimos a oferta de servizos de transporte público e limitamos a oferta de prazas nos vehículos a un terzo da súa capacidade. E temos o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios actuando como un servizo de asistencia e emerxencias no rural nesta situación excepcional, centrándose na desinfección das instalacións daqueles concellos de menos de cinco mil habitantes.

No segundo capítulo, referente ás medidas de reforzo, tratábase de tentar de evitar contaxios e ao tempo detectalos canto antes. E, unha vez máis, aquí Galicia tamén tentou ir por diante. Fomos das comunidades autónomas que defendemos con maior vehemencia a necesidade de continuar cos PCR, é dicir, test de extracción e test de diagnóstico, a toda a poboación que as existencias farmacolóxicas posibiliten. De feito, fomos durante un tempo practicamente a única autonomía que seguiu facendo test máis aló dos pacientes que ingresaron nos hospitais. Tamén fomos pioneiros en poñer en marcha un sistema de probas rápidas dende os vehículos, iniciado en Vigo, con cita previa, que estendemos de inmediato a todas as áreas sanitarias e que nos están permitindo detectar máis positivos, illalos e evitar unha maior propagación do virus. Só un límite: o número de test de extracción e test diagnósticos que teñamos nos hospitais. Para poder mantelo, foi fundamental a adquisición de kits de diagnóstico, que seguimos a intentar comprar nestes momentos con dificultades, cada vez maiores, dada a situación de demanda no mercado mundial.



Foi fundamental, unha vez máis, adiantarse como sucedeu levando ao Consello do día 5 de marzo —oito días antes de declararse o estado de alarma— un expediente urxente para a compra de diferentes subministracións para a rede hospitalaria, por un importe cercano, outra vez, a dous millóns de euros. Concretamente, aquel 5 de marzo adoptamos a decisión de comprar cinco equipos portátiles de raios X adicionais e cincuenta e oito ventiladores: tres de ventilación invasiva, sete de transporte e corenta e oito volumétricos adicionais. Aos que se sumaron a pasada semana, no Consello do 20 de marzo, tras unha nova contratación por emerxencia de algo máis dun millón de euros, corenta e sete ventiladores volumétricos máis, dos cales vinte e cinco xa están instalados e outros vinte e dous chegarán a finais desta semana; un equipo portátil de raios X para os hospitais, que se une aos seis xa comprados, así como novecentos dezaseis mamparas para os mostradores de atención ao público dos centros do Servizo Galego de Saúde, cunha instalación que finaliza —segundo me informan— precisamente hoxe.

A maiores, tamén se asinou un convenio de colaboración co Osakidetza, o Servizo Vasco de Saúde, para a subministración de máscaras sanitarias dende o mes de marzo ata o mes de xuño.

Seguimos a xestionar —como xa digo— con enorme dificultade a adquisición de máis material. A estimación que temos é que nos próximos catro meses necesitaremos investir un mínimo de 51,5 millóns de euros para seguir cubrindo as necesidades derivadas da pandemia. Estamos a falar de equipos de protección, de desinfectantes, de vinte millóns de guantes e de ao redor de 9,5 millóns de máscaras, así como de douscentos cincuenta equipos de ventilación, de trece de radioloxía portátil e de camas de hospitalización, que serán en función do número de camas sobre aforo que teñamos que implementar nas estadias de máis estrés hospitalario.

Pero é que, ademais, se reforzou o persoal nos ámbitos das urxencias hospitalarias, na medicina interna, nas unidades de infecciosos, nas unidades de críticos, e creáronse os equipos hospitalarios de atención domiciliaria. De feito, os equipos de atención domiciliaria pasaron de oito a vinte e nove, aos que se suman os trinta que están realizando as probas do covid. Incrementamos a dotación de camas de UCI nun 71 %, pasando das cento sesenta camas ordinarias de UCI no Servizo Galego de Saúde a duascenas setenta e catro camas de unidade de coidados intensivos.

Dende a pasada semana, actualizamos e ampliamos unha serie de protocolos clínicos para o persoal sanitario e asistencial, ditados pola comisión de xestión clínica da pandemia; comisión na que están representantes sanitarios de todas as áreas sanitarias.

Aprobamos o protocolo clínico de alta hospitalaria, que non significa de alta sanitaria, senón o protocolo de alta hospitalaria, cando un paciente se pode mandar á súa casa con seguimento asistencial.

Aprobamos, por acordo dos ucistas, o protocolo clínico de alta de UCI, o cal non significa en ningún caso alta hospitalaria, senón simplemente alta de UCI cara á planta ou, no mellor dos casos, cara a outro equipo ou infraestrutura sanitaria.



Está aprobado o protocolo de saúde mental para atender todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde; tamén o protocolo de emerxencias e urxencias en catro estadios, en función do estrés asistencial, tanto hospitalario como UCI, e o protocolo de residencias sociais e centros de discapacidade con internamento. Permítanme que me deteña en dous protocolos:

No protocolo de emerxencias e urxencias temos definidas catro fases segundo a súa gravidade, determinadas pola ocupación hospitalaria de pacientes con covid, tanto en hospitalización como en UCI, e mesmo temos a previsión e disposición do número total de camas que se destinarían en todas as áreas para atender os pacientes con coronavirus, que chegarían nun escenario de máximo estrés a catro mil camas.

Estamos actuando —e sei que é unha das prioridades que é compartida por vostedes, e este é o segundo protocolo do que quero facer referencia— nas residencias de maiores e de discapacidade. Desgraciadamente, como tamén está sucedendo fóra das residencias, dentro delas rexistráronse contaxios, e o número de positivos aumenta. Preocupados como estamos pola saúde dos nosos maiores e dos traballadores que se dedican a coidalos, e ante a escaseza de medidas e medios por parte das administracións, volvemos intentar dar respostas, e por iso puxemos en marcha medidas de urxencia concretadas no Plan de residencias.

Neste Plan de residencias dotamos estes centros, incluído o día de hoxe, de noventa e dúas mil máscaras de diferentes tipos e de sesenta e sete mil luvas, e seguiremos a dotalas de todos os materiais que teñamos á disposición. En segundo lugar, todas as residencias privadas pasan a ser residencias tuteladas, baixo o seguimento sanitario. E, en terceiro lugar, habilitamos en Galicia dúas residencias integradas directamente no ámbito sanitario para a atención das persoas maiores usuarias de residencias que dean positivos por coronavirus e presenten unha situación de risco nas súas residencias, polas características da arquitectura física do propio edificio ou pola dotación do persoal sanitario nas súas residencias de orixe.

En función das necesidades asistenciais que se detecten nos próximos días ou semanas, poderanse habilitar novas residencias integradas se o protocolo clínico o aconsella. E, por suposto, como ata agora, aqueles usuarios dunha residencia, como calquera outro cidadán, que presenten un cadro clínico que require hospitalización, deberán ser hospitalizados.

En calquera caso, eu quero reiterar unha mensaxe de confianza aos usuarios das residencias e, sobre todo, ás súas familias, e tamén unha mensaxe de confianza nos traballadores destes centros e dos servizos sociais, despois de situacións concretas que se deron nalgúns lugares de España: apoiamos que se actúe, que se actúe agora, sempre e antes, contra aqueles xestores de residencias que non as teñan en condicións axeitadas, e dende a Xunta estivemos, estamos e estaremos vixiantes para que non se produzan situación anómalas, e de habelas serán denunciadas.

Pero creo que é profundamente inxusto para os profesionais de residencias e servizos sociais caer en xeneralizacións, e tampouco é responsable transmitir unha mensaxe de intranquilidade sistemática aos usuarios e aos seus seres queridos. Nestas residencias alóxanse persoas moi vulnerables ante o virus, e lamentablemente esas cifras crecerán, como lamentablemente tamén o farán fóra destes centros e en todas as partes.



Pero neste momento, en Galicia, estamos a falar de vinte e dous mil catrocentos usuarios de residencias e de douscentos noventa e un centros, que están a ser coidados. E os casos rexistrados son preocupantes, por suposto, pero de momento os casos rexistrados de contaxios en residencias non chegan ao un por cento do total dos usuarios. Os profesionais das residencias e dos servizos sociais están facendo un bo traballo, esforzándose ao máximo e asegurando o coidado de maiores e dependentes. Falamos moito e merecidamente do persoal sanitario, pero deberíamos ter tamén presente o que están a facer estes profesionais. Os maiores e as persoas con discapacidade destes centros tamén están nas mellores mans posibles.

Finalmente, quixera referirme ás medidas adoptadas no ámbito económico. Esta pandemia tamén ten e terá consecuencias moi potentes neste ámbito. Teremos que reconstruír moito do que con esforzo e sacrificio estivemos levantando durante a recesión económica. Precisaremos da mesma actitude e capacidade de superación que nos demostramos estes anos. ¡E abofé que o volveremos facer!

No pasado Consello do 20 de marzo habilitamos medidas para apoiar o noso tecido empresarial, especialmente os autónomos e as pequenas e medianas empresas, e facer fronte o mellor posible á situación. Catro medidas:

En primeiro lugar, o aprazamento das cotas de amortización e dos xuros da liquidación do primeiro semestre do ano de todos os préstamos formalizados con institucións da Xunta de Galicia. Estoume a referir a un volume de préstamos de algo máis de douscentos sesenta e cinco millóns de euros. Pois ben, a amortización e os xuros de liquidación quedarán aprazados, de forma que estas cantidades se poidan pagar no trimestre seguinte ao vencemento final dos préstamos, e en todo caso non será necesario facelo antes do 30 de xuño.

En segundo lugar, inxectando de inmediato liquidez para autónomos e pemes cunha liña de financiamento para mobilizar 250 millóns de euros.

En terceiro lugar, a estas liñas de financiamento temos que engadir unha terceira alternativa: a Xunta habilita 10 millóns de euros para o financiamento das necesidades de reestruturación de produción das empresas galegas que decidan acometer a fabricación de elementos útiles e necesarios para poder combater o coronavirus. En concreto, esta liña financiará tanto investimentos como circulante. E as empresas deberán dar resposta coa produción de equipos, como, por exemplo, téxtiles, sanitarios, equipos de protección individual e materiais para respiradores. Neste sentido, quero destacar e agradecer a resposta das empresas que están a ofrecer a súa colaboración, máis de trinta xa, a maioría do ámbito téxtil.

E, en cuarto lugar, anticipámonos tamén no eido da innovación, onde activamos unha chamada para identificar as capacidades do sistema galego de innovación no eido do coronavirus. Unha convocatoria que, por certo, se pecha mañá venres, por un importe de 10 millóns de euros, e co que buscamos solucións innovadoras que se poidan implementar de xeito inmediato, tales como dispositivos de intervención ao tratamento, solucións para fabricar ventiladores ou equipos de protección individual.



Sen dúbida, creo que concordarán comigo en que levamos moito traballo feito ante unha situación que é nova para todos, pero aínda queda moitísimo traballo por facer, porque, lamentablemente, todo indica que desde o punto de vista asistencial o peor aínda está por chegar.

E por iso quixera aproveitar a comparecencia para informalos de primeira man dalgunha das novas iniciativas que engadiremos xa desde mañá coa súa aprobación no Consello da Xunta. Quixera referirme a cinco apartados:

En primeiro lugar, a novas contratacións, por un importe de 7 millóns de euros, para aboar parte das contratacións feitas e para autorizar máis materiais de protección anticoronavirus, destinados a profesionais e doentes; máis máscaras respiratorias, máis batas de alta protección, máis botellas de solución desinfectante e todos os test de extracción e diagnóstico que se poidan conseguir, todos, absolutamente todos, de todas as casas e de todas as referencias.

Non lles oculto que a cuestión de material sanitario é e segue sendo a maior preocupación. Sábeno porque así llelo trasladé a vostedes nas reunións que tivemos, e tamén ao presidente do Goberno en todas as conferencias de presidentes que se produciron.

Desde o primeiro día manteño unha posición de lealdade institucional, de coordinación e de unidade ao máximo apoio do Goberno da nación nunha situación excepcional. E se nalgún momento isto non se interpretou deste xeito, láméntoo, porque non é nin moito menos a nosa pretensión, todo ao contrario. A Orde 234, publicada no *Boletín Oficial do Estado* número 68, do 15 de marzo, do Ministerio de Sanidade e diferentes manifestacións públicas e privadas do Goberno de España indicaban que o Goberno de España garantiría a subministración de material sanitario a todas as comunidades autónomas. Con toda lóxica porque, nun mercado internacional con tanta demanda e tantas presións, unha nación de corenta e sete millóns de habitantes como España ten que facer valer un maior peso internacional do que podemos facer os servizos de saúde de cada comunidade autónoma, ou, como no noso caso, un servizo de saúde cunha poboación protexida de 2,7 millóns de habitantes, que é a poboación de Galicia.

Pero ver que este material sanitario non acaba de chegar, e que o que chega é escaso, acrecenta a nosa preocupación, que é compartida por todos os profesionais, por todos os presidentes autonómicos e por toda a cidadanía. O nivel de contaxio dos profesionais sanitarios en España supera o 13 % do total; en Galicia, de momento, estamos nun 9 %. E, nunha situación como esta, a única preocupación destas mulleres e homes debería ser soamente poder dar a mellor asistencia sanitaria con todo o material necesario.

Unha vez que o Goberno puntualizou que xa non garante a subministración de material sanitario, Galicia fixo e segue facendo o seu labor para tentar adquirir os medios necesarios para protexer toda a poboación, e sobre todo os profesionais que velan polos demais. Afortunadamente, este traballo xa o fixemos con anterioridade, ao iniciarmos compras dez días antes da declaración de alarma. E agora nutrémonos con material sanitario adquirido na inmensa maioría pola Xunta, pola súa conta, e seguimos a facer intentos para poder



seguir ampliando os nosos *stocks*. O material que xa ten encargado Galicia debería empezar a chegar a partir da fin de semana con maior abundancia; algún —é certo— xa o estabamos empezando a recibir nos días anteriores.

Comprendo, porque ademais estámolo a vivir dende a Xunta en primeira persoa, a dificultade do Goberno de España para tamén adquirir ese material sanitario. Pero pedimos que, igual que a Xunta, siga facendo todos os intentos para tentar subministralo canto antes, sobre todo —insisto— test diagnósticos, tanto de extracción como de tratamento, e aparatos de UCI. Ata o momento o que temos recibido do Goberno de España na data de onte son 97.000 máscaras, 1.776 desinfectantes de mans, 2.650 batas e 136.000 luvas.

Ademais do esforzo en material de equipamento, outra medida que estamos a poñer en marcha —e é a segunda— é o reforzo de persoal. Onte o *Diario Oficial de Galicia* publicaba unha orde para permitir, o próximo día 1 de abril, os contratos de cento sesenta médicos internos residentes (MIR) e trinta e unha enfermeiras especialistas residentes, que están no último ano de formación en dez especialidades e que aínda non puideron obter o seu título de especialista. Todo este incremento de persoal vaise dedicar especialmente a pacientes afectados polo coronavirus durante o tempo que dure a pandemia.

Nos próximos días publicaremos unha nova orde para ampliar esta medida a outras especialidades, para alcanzar todo o persoal en formación, tanto os cento cincuenta e oito facultativos que xa decidimos como todos os facultativos, teñan ou non unha relación directa cos servizos que atenden o itinerario do coronavirus nos hospitais. Serán pois cento corenta e cinco facultativos entre médicos, farmacéuticos, psicólogos e radiofísicos, ademais de vinte e dúas enfermeiras.

Así, entre os dous procesos, o que xa está aprobado e publicado no *Diario Oficial de Galicia* e o que acabo de anunciar, estamos a falar dun total de contratación de trescentos cincuenta e oito profesionais; todos eles en período de formación, que finalizan os próximos meses, e que se suman aos máis de trinta e nove mil que xa ten a plantilla do Sergas. O que supón un investimento en persoal anual de 22,3 millóns de euros. Nunca antes houbera máis profesionais no Sergas, e agora aínda haberá máis.

Tamén quixera avanzarlles xa outro importante asunto que mañá analizaremos no Consello —o terceiro—, vinculado a apoiar aos que máis o precisan nestes momentos tan difíciles. Estamos a exixirlles aos galegos un esforzo especial, e o mínimo que podemos facer as administracións é poñer da nosa parte para que ese esforzo non presente lastre, o menos posible, ao seu futuro. Por iso tomamos unha decisión que vai dotar de liquidez unhas trinta e dúas mil persoas e empresas en Galicia, xa que temos decidido suspender os prazos para a presentación dos impostos, tanto de transmisións patrimoniais como de sucesións e os tributos do xogo. Así pois, todas as autoliquidacións destes tres impostos non terán que ser presentadas ata o 30 de xuño de 2020, e mesmo prorrogadas se se alonga a finalización do estado de alarma ata un mes despois de que se levante a situación excepcional.

Non será a única medida de calado no ámbito da Facenda pública que analizaremos mañá no Consello, xa que tamén temos previsto activar un plan específico para dotar de liquidez



a Tesourería da Comunidade Autónoma, co fin de compensar o descenso da recadación motivado pola suspensión dos tributos autonómicos, co fin de axilizar os pagamentos de facturas a todos os provedores que traballan para a Administración galega, aliviando os efectos negativos que esta crise lles está a producir. Non hai que esquecer que a Xunta é a principal entidade pagadora de Galicia; no que vai de ano aboamos case duascenas mil facturas por un importe de 941 millóns de euros.

E nesta liña de contribuír a paliar as consecuencias da pandemia na nosa economía, tamén continuaremos incidindo nas medidas económicas que xa anunciamos a semana pasada. E faremos fincapé de forma específica nun colectivo que nos preocupa especialmente e que debe ser clave para a recuperación, como é todo o colectivo de autónomos na comunidade autónoma.

Señorías, remato. Pero non quero facelo sen antes reiterar unha apelación á unidade e ao traballo conxunto. Hoxe máis que nunca esta sede parlamentaria ten que ser a caixa de resonancia dun pobo, o altavoz institucional de Galicia, o recinto que reflicte as virtudes dunha cidadanía que está unida. Temos hoxe o cometido de expresar con palabras o que Galicia está expresando con sacrificios. Os galegos confinados, os galegos entregados a tarefas asistenciais, os galegos que coidan dos seus, os galegos que se esforzan para salvar vidas poñendo en risco as súas son máis elocuentes do que poidamos ser hoxe aquí.

Somos un pobo plural que actúa hoxe en singular, que non coexiste, senón que convive; un pobo que ten que corresponderse con institucións e partidos que actúan de forma conxunta. Somos os representantes dun pobo unido, e a confianza é o eixo esencial da resposta que temos que dar. Unha confianza que se apoia sempre nunha verdade que non debemos nin edulcorar nin de tratar de modificar en beneficio de ninguén. A verdade non é outra, desde o punto de vista da presión asistencial, tanto hospitalaria como en UCI, que o peor aínda está por vir. Un contaxio menos hoxe son tres contaxios menos mañá. Oxalá a anticipación de Galicia e a reacción en toda España dea os seus froitos. Iso é o que merecen todos os cidadáns, non o que está sucedendo, pero debemos estar preparados e deberemos multiplicar os esforzos e a unidade que xa todos redobramos.

A verdade son os positivos hospitalizados e falecidos que enumeramos cada día; datos durísimos porque cada un deles leva consigo drama, pesar, angustia e dor. Pero a verdade é tamén que non podemos cuantificar outro dato que está aí e que tamén é real, o dos contaxios evitados, o das vidas salvadas grazas á actitude de todos, dos que cumpren coas súas responsabilidades nos seus traballos e dos que cumpren coas súas responsabilidades máis liviás nas súas casas.

Todo parece indicar, señorías, que veñen semanas moi duras, refírome a semanas moi duras no ámbito sanitario, tanto na presión ás urxencias, como na presión nas plantas de hospitalización, como na presión nas unidades de coidados intensivos. Pero Galicia, como toda España, recuperarase, así o fixo e así o fará. Non nos podemos dar a man, pero todos botamos unha man para reducir o risco; non nos podemos abrazar, pero estamos máis unidos que nunca. Miraremos cara atrás e recordaremos estes días con tristura, pero estou convencido de que tamén con orgullo. Miraremos cara atrás e recordaremos estes días —insisto— con orgullo.



Volverán os días bos, merecémoslo. Sigamos coidando, porque así estamos coidando os que máis queremos.

Señorías, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Tendo en conta que este non é un pleno, que é unha sesión da Deputación Permanente, as intervencións poderán ser feitas dende o escano, se así o desexa a quen lle corresponda falar.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Grazas tamén aos servizos da Cámara.

Señor presidente, moi bo día. Moi bo día tamén a todos os portavoces dos grupos parlamentarios.

Eu quero empezar cunha breve introdución do que dende En Marea pensamos que é o que está a acontecer, que ao cabo é que veu a realidade esperta e pillounos durmidos nunha presunta e amable realidade onde todos e onde todas estabamos instaladas.

Nin o ecoloxismo que hai cincuenta anos nos alertou do noso abuso nin o feminismo que hai cinco décadas reclama poñer a vida da muller no centro do mundo, nin vinte anos tras amables críticas á globalización e ao capitalismo salvaxe conseguiron paralo todo, facernos frear e facernos pensar onde vivimos e onde queremos vivir. Na orde caníbal do mundo tivo que ser un virus o que nos fixo tambalearnos en golpe e en seco a todas e a todos.

Como sairemos desta sacudida aínda está por ver, é algo que non sabemos con certeza. Se isto é unha guerra sanitaria, a pregunta tamén é que paz vai xurdir cando todo isto remate. Sabemos que non imos solucionar nunha semana o que non demos feito en décadas e tamén sabemos que en crises onde o sistema moitas veces non dá resposta emerxen as persoas. Este virus amósanos a fragilidade moitas veces dun sistema.

Queremos reiterar o que xa lle trasladamos ao presidente o pasado domingo. Dende En Marea amosamos a nosa disposición para traballar da man do Executivo galego naquelas propostas que vaian encamiñadas a frear a expansión do virus, pero tamén dende En Marea queremos protexer as persoas e colectivos que están a quedar en risco de exclusión —e son moitos— por mor dalgunha das medidas adoptadas ata o momento.

Quero comezar a intervención lembrándome das mulleres fronte a esta crise. As mulleres, como en todas as crises, pandemias ou guerras, sempre son as máis prexudicadas; neste



caso son dobremente vítimas, son vítimas dun virus e son vítimas tamén do machismo; suxeitas en vulnerables postos a multitude de enfermidades para as que o patriarcado moitas veces non quere atopar a propia vacina. As profesións feminizadas están sendo o puntal de contención do virus, evitando a súa expansión, evitando a súa propagación. O feminismo pide que se recoñeza o traballo das mulleres, especialmente o traballo relacionado cos coidados. As institucións en moitos casos non damos respostas, non sabemos protexelas. Na situación de illamento, as institucións esquecen que as casas poden converterse nun inferno para moitas mulleres. Xa se produciu un asasinato, pero hai moitas máis mulleres en perigo que calan por non ter outro lugar a onde ir ou por non atreverse a denunciar nun momento tan delicado no que a sociedade está máis ocupada en loitar contra o virus que en salvarlas dunha morte anunciada. As mulleres piden medidas institucionais que as protexan da canle mediática e que garantan a súa saúde mental, que as resgarden da violencia, que as alonxen do pánico e que as fagan sentir seguras.

Desaparecen os bos propósitos para traballar nunha linguaxe inclusiva e nun periodismo ético e con compromiso. Os medios aos que en moitos casos a Xunta lles dá subvencións deben estar ao servizo da cidadanía, non ao sensacionalismo nin aos sesgos que distorsionan a realidade e invisibilizan o traballo das mulleres.

O señor presidente deu aquí uns datos, pero nós imos reforzalos. O 70 % das traballadoras do sistema sanitario son mulleres, pero séguese falando de «médicos» en moitos casos. O 89 % das repoñedoras e caixeiras nos nosos supermercados son mulleres. O 97 % das empregadas de fogar, que moitas veces son abocadas á economía somerxida, son mulleres e son imprescindibles para que a sociedade aguante, que non caia e se sosteña. O 81 % das psicólogas tituladas que están a traballar nesta crise son mulleres. O 71,6 % son farmacéuticas, o 80 % son cociñeiras ou monitoras de comedor.

É necesario recoñecer o feminismo, que adoita estar estigmatizado como o máis importante; fai falla máis feminismo como proposta, como visión de longo alcance, como horizonte morado e como resistencia deste virus, e coidados como eixe transversal de toda acción para facer fronte ao virus.

Esta crise, alén de aínda non estar concluída ou, se cadra, aínda lonxe, apunta cara a un novo escenario aínda máis preocupante que poderá repetirse periodicamente nos próximos anos.

O Goberno galego non pode escudarse nunha mala xestión de Madrid. Certo é que o presidente di que non é momento de atacarnos uns aos outros, pero polo camiño tamén nos vai deixando. O Goberno galego ten as súas responsabilidades e vostedes non poden escudarse unha e outra vez en Pedro Sánchez coma se dun salvoconduto se tratase.

Nunha situación de excepcionalidade precísanse medidas excepcionais; precisamos dotarnos de mecanismos que suplan as carencias que veñen dadas dende Madrid; precisamos de autogoberno e de responsabilidade; responsabilidade que o Executivo galego non está a exercer.

A existencia dun servizo sanitario público desmantelado durante anos por políticas neoliberais do Partido Popular non é un problema de Madrid, é un problema de Galicia. Os



recortes e a privatización nos servizos públicos galegos polo actual Goberno non son un problema de Madrid, son un problema de Galicia. O desmantelamento dos servizos sociais no noso país non é un problema de Pedro Sánchez, foi e é unha acción do actual presidente da Xunta de Galicia.

Falaba vostede, señor presidente, de adiantarse. Eu penso que en Galicia levamos feito xusto o contrario, levamos moitos anos recuando. ¿É precisa a coordinación e a cooperación co Executivo central? Por suposto, pero Galicia non é Madrid, nin Galicia é Valencia nin Galicia é Navarra. Galicia ten as súas peculiaridades poboacionais, de dispersión xeográfica, de tecidos produtivos e un longo etcétera; por iso Galicia precisa de solucións diferentes, e aí é onde temos que mostrar o noso autogoberno.

Falamos ou escoitamos falar moito estes días de covardía política do señor Sánchez por non pechar Madrid. Ben, nós vemos tamén con preocupación moita covardía política do Partido Popular ao non pechar Galicia, e diso nos pobos do rural e de montaña sabemos moito porque están chegando moreas de xente.

¿Onde están as medidas da Xunta de Galicia para blindar a xustiza social? ¿Onde están as medidas da Xunta para blindar o Estado de benestar? ¿Ou onde están as medidas da Xunta de Galicia para blindar a ética dos coidados?

Levan vostedes anos desmantelando servizos públicos e facendo negocio a conta deles cos seus amigos da privada, e daquelas augas agora veñen estes lodos.

Debemos protexer os nosos maiores, protexer o persoal sanitario, protexer o persoal de atención social, protexer as traballadoras das actividades esenciais. Máis que confinamento, precisamos protección contra a privatización; temos que protexer e coidar colectivos máis vulnerables ao contaxio.

Falou vostede da sanidade. O Sergas recortou o seu orzamento en máis de 1.000 millóns de euros, suprimiu 513 prazas de persoal médico, 184 de enfermería, 1.121 en todas as categorías, 420 camas hospitalarias e incrementouse a concertación con hospitais privados, que xa prestan o 25 % da atención hospitalaria grazas á redución da asistencia pública. Tal e como defende a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, só os recursos da sanidade pública que non teñen a finalidade de ofrecer negocio empresarial privado son os que poden garantir e protexer a saúde da poboación e facer fronte a unha emerxencia sanitaria coma esta.

A crise do coronavirus destapou o mellor e o peor da nosa sanidade. O mellor, a capacidade de reacción que está a ter o conxunto das e dos profesionais, que co seu esforzo e co seu compromiso están a preparar o sistema sanitario para facer fronte a unha ameaza de magnitude non coñecida, a pesar dos once anos de recortes do seu goberno. E o peor, que as costuras mal rematadas do sistema descoséronse como consecuencia da falta de persoal e de estrutura de dirección, especialmente na atención primaria e na saúde pública, que non teñen recursos para pensar e para planificar ao tempo que teñen que actuar para resolver as cuestións emerxentes.



Tamén queda claro que privatizar a alta tecnoloxía e a cuestión da compra limita a capacidade de reacción desde o ámbito do público en situacións coma estas. No Hospital comarcal de Verín vemos o que acaba de pasar. Fíxose un investimento de moitos miles de euros no laboratorio do Hospital de Verín hai uns anos e está pechado, ¿está pechado! ¿Cantas probas poderíamos facer no Hospital de Verín?

Dende o punto de vista das profesionais, a Consellería de Sanidade non está a ser capaz de transmitir a tranquilidade que necesitamos para que se enfronten cada día co seu traballo, sobre todo porque non se está a garantir que as profesionais e os profesionais dispoñan dos EPI completos para asegurar a súa saúde mental e manter a garantía asistencial —véxase a nota de moitos xornais na que vostede viu con bos ollos que se cesara unha xefa de sección do Cunqueiro por criticar esa falta de material—. A Consellería de Sanidade ten que garantir a dispoñibilidade de equipos de protección individual alí onde haxa unha profesional que os precise para atender unha doente. Non se pode manter esta sensación de indispoñibilidade e moito menos pode haber falta de material. É obriga da propia consellería protexer as profesionais para que poidan estas protexernos a todos, protexer a poboación.

Sobre o uso destes EPI, é certo que deben elaborarse protocolos claros e unificados baseados no coñecemento científico, pero ¡ollo! non se deben confundir protocolos de actuación baseados na evidencia científica con normas de restrición por falta de material, como pasou nalgunha área sanitaria.

Dende En Marea temos propostas que lle faremos chegar neste eido, nos servizos sociais, recuperando o lema do 8 de marzo: «Sen coidado non hai vida». Queremos enfatizar a necesidade de atender a quen coida, de atender a quen precisa coidados, debéndose tomar medidas de acompañamento social e protección para evitar situacións de extrema gravidade. Máis de 240.000 persoas viven soas hoxe en Galiza, segundo o dato do INE correspondente ao ano pasado. Isto que habitualmente podería non ser un problema convértese nun factor que fai máis duro o día a día do confinamento para moitas persoas. No caso das persoas maiores é, ademais, un elemento que engade dificultades e risco e que limita a súa capacidade para obter subministracións de todo tipo.

En Galicia case 129.000 persoas maiores de 65 anos viven soas, arredor do 19 % da poboación total, e, aínda por riba, destas 129.000 persoas, 93.000 son mulleres, que estamos a falar de que é un grupo aínda de máis risco. Son moitos os concellos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...que, dende o inicio desta emerxencia sanitaria polo coronavirus, puxeron en marcha as medidas para atender nos domicilios persoas con necesidades diversas, sobre todo de idade avanzada ou con problemas de mobilidade e que non podían saír á rúa —ou que o escollían por precaución—. Puxeron en marcha redes de voluntariado impulsadas polos gobernos municipais, pero a Xunta nas primeiras semanas desta crise non lles prestou atención.



Para as persoas que viven soas o confinamento pode facerse máis difícil que para as persoas que se atopan acompañadas e son máis novas. Esta situación tamén se vive dunha forma diferente en función...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...das características da vivenda de cada unha.

Remato, presidente, falando do que está a pasar no servizo de axuda no fogar. Para a atención de persoas máis vulnerables nesta situación volveuse ao esencial hoxe, ao servizo de axuda no fogar. Deberían poñerse servizos mínimos para minimizar riscos e suspender a axuda a domicilio de libre concorrencia para persoas non dependentes e entregar material de protección, que non hai.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: En Marea dixémosllo o domingo e volvémosllo dicir hoxe: está ao carón do Executivo galego na non conformidade da repartición dese plan concertado que nos ofrece o Estado. Son sete millóns de euros que nos queren roubar, pero, unha vez que os teñamos, temos que repartilos ben e temos que asistir os concellos.

Continuaremos na segunda volta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, aínda ten outro turno.

Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día a todos e a todas.

Permítanme que as miñas primeiras palabras sexan para expresar o orgullo que sinto por ser parte deste pobo.

Os galegos e as galegas estamos dando o mellor de nós para superar esta pandemia e para que ninguén se sinta só no medio desta emerxencia. Demostramos de novo que somos capaces do mellor, que somos un pobo que non esquiva as dificultades, senón que lle plantamos cara á adversidade.

Sinto un tremendo orgullo dunha cidadanía que responde con responsabilidade ante as medidas extremas para conter o virus; orgullo dun pobo que pon o colectivo por riba do individual, dun pobo que se solidariza, que colabora e que estende a man para prestar axuda



nestes momentos moi duros. Desde logo, orgullo e admiración polo persoal sanitario, pola súa entrega, pola súa profesionalidade, por coidarnos, por salvar vidas. Emociona ver as imaxes de persoas que están exhaustas, pero que non deixan a bata colgada porque queren seguir combatendo o virus.

Sinto tamén orgullo e admiración por todas esas persoas que traballan en supermercados, en tendas de alimentación, nas gasoleiras, nas farmacias, nos medios de comunicación, no transporte, no mar, no agro e noutros servizos imprescindibles, asumindo un risco en beneficio da maioría. Para todos eles e para todas elas, dúas palabras: grazas, é un orgullo.

E, desde logo, tamén a nosa solidariedade, comprensión e afecto con todas as persoas afectadas polo virus; en especial quero dirixirme ás familias que perderon un ser querido. Para elas, unha fonda aperta nun momento tan duro no que non puideron nin despedirse nin compartir a súa dor.

E non teño tampouco a máis mínima dúbida de que imos superar esta crise entre todos e todas, unidos, unidas, sumando e dando o mellor de nós mesmos para saír adiante.

É evidente que estamos ante unha crise sen precedentes, unha pandemia da que a propia Organización Mundial da Saúde alertaba en xaneiro, pero é evidente que todos, todos os gobernos, infravaloraron en lugar de actuar para anticiparse. Necesitamos gobernos capaces de anticiparse aos problemas. A cidadanía agarda que en situacións de risco, en situacións excepcionais, os gobernos respondan; non só que reaccionen ante os problemas, senón que sexan capaces de ter previsión e anticipación.

En todo caso, creo que este non é o momento de analizar a súa xestión da crise, señor Feijóo, nin de pedir responsabilidades polos erros —que os houbo—, nin pola súa falta de resolución para tomar medidas contundentes a tempo. Agora é o momento de sumar esforzos, de remar na mesma dirección como conxunto de sociedade galega para que canto antes poidamos ver a luz ao final do túnel e poidamos facelo salvando vidas e minimizando os efectos económicos dunha crise que está sendo e que vai ser devastadora.

Señor Feijóo, como lle trasladei tanto en privado como en público, quero reiterar que o BNG está á disposición do Goberno da Xunta, e sobre todo que está á disposición dos galegos e das galegas, para sumar en todo o que sexa necesario para saír canto antes desta crise, sen escatimar esforzos, nunha colaboración leal á hora de traballar para que canto antes poidamos recuperar a normalidade.

Pero esta lealdade do BNG non é un cheque en branco, non consiste en mirar para outro lado ante decisións que consideramos erróneas por parte do Goberno do Estado ou por parte da Xunta de Galiza, porque, cando está en xogo a saúde das persoas, todos e todas temos que aportar.

A lealdade do BNG é coa xente deste país, e por iso non podemos deixar de dicir que foi un erro non pechar aqueles territorios que foron un gran foco de expansión do coronavirus; por iso non podemos deixar de dicir que é un erro, un erro enorme, non pechar toda a actividade



que non sexa necesaria neste momento. Non permitamos que nin unha soa persoa, nin unha soa, poida contraer o virus realizando unha actividade que neste momento non é esencial. É o mínimo que lles debemos a todas esas persoas que realmente si traballan nestes servizos e que están poñendo en risco a súa vida para que todo funcione.

A leal colaboración, a man tendida que lle ofreceu o BNG desde o primeiro día e que lle seguimos ofrecendo ao seu Goberno consiste en poñer sobre a mesa propostas, medidas e iniciativas que teñen dous únicos obxectivos: o primeiro e máis importante, salvar vidas; o segundo, minimizar os efectos económicos desta crise, para que, cando menos, as clases traballadoras deste país e tamén o noso tecido empresarial poida ter a certeza de que vai saír adiante.

Por iso hoxe queremos pedirlle e reiterar algunhas cuestións:

O primeiro, señor Feijóo, é que compareza unha vez á semana no Parlamento de Galiza para dar conta de como evoluciona a situación. Cremos que o seu papel non pode limitarse a comparecer cada día na TVG en *prime time*, senón que é importante que a sociedade galega vexa a un parlamento, onde se residencia a soberanía popular, e que o vexa comparecendo. Onte mesmo, o seu xefe de filas reclamáballe ao señor Sánchez que non limitara as súas comparecencias aos medios da televisión pública e que comparecera na sede do Goberno popular. Parécenos xusta esa petición; é o mesmo que lle pedimos, señor Feijóo.

Tamén reiteramos que temos propostas sobre a mesa, que lle enviamos un documento amplo onde faciamos numerosas propostas para facer fronte a esta crise e onde detallabamos cinco medidas urxentes. A primeira é que segue sendo necesario pechar aqueles lugares que son un foco de infección de coronavirus; que é necesario blindar Galicia por terra, mar e aire; que hai que realizarlle test masivos a toda a poboación, e moi particularmente a residencias de maiores e aos colectivos de risco; que hai que garantir o material de seguridade, dotando o persoal sanitario e a todos os traballadores e traballadoras que están dando a cara en servizos esenciais; e que hai que parar toda a actividade que sexa prescindible.

Son, nin máis nin menos, medidas que teñen aval técnico, e son as recomendacións que está facendo a OMS porque xa se probaron estas medidas noutros lugares e funcionaron. Son medidas que aínda se poden adoptar. Por iso cremos que sería importante que hoxe saíramos deste Parlamento cun gran acordo nesta dirección, porque, miren, o resultado de non facelo é dramático.

Hoxe espertabamos cunha noticia que é para preocuparse: o Estado español, que ten 47 millóns de habitantes, xa superou a cifra de falecidos de China, que ten case 1.400 millóns. É evidente que algo non se está facendo ben e que a nosa responsabilidade é corrixilo.

Nós consideramos que tanto a nivel estatal como a nivel galego se tomaron decisións tardías, erráticas e sen a intensidade necesaria, tanto na contención da epidemia como no ámbito económico e social, e os resultados están á vista. Como lle dicía, a cidadanía agarda que teñamos gobernos que en situacións de crise sexan capaces de anticiparse. Aquí, sinto dicirllo, pero non houbo anticipación necesaria; de habela, estou segura de que vostede, en



vez de anticipar eleccións, tería anticipado as medidas e os recursos necesarios para poder parar unha pandemia destas características.

Creo que tamén é a nosa obriga hoxe aquí trasladarlle algunhas preguntas, que estou segura de que se formulan moitas galegas e galegos.

A primeira pregunta é: ¿como é posible que durante moitos días tiveramos a enfermeiros, a médicas, a coidadores, aos da atención do fogar, a traballadoras e traballadores sen a protección necesaria mentres vostede nos dicía que dispoñía de 500.000 mascarillas?

A segunda pregunta é: ¿por que non demandou o peche dos principais focos de contaxio e que se blindase Galiza?

A terceira pregunta ten que ver cunha situación que nos preocupa moito, que é a das residencias; algunhas están en estado crítico. Desde logo, se en algo se actuou mal nesta crise, foi na falta de atención e anticipación, precisamente, en todo o que ten que ver coas residencias de maiores. O persoal das residencias claro que está facendo un gran traballo. Quen reaccionou tarde foi a Xunta de Galiza, e só despois dunha chamada desesperada deses profesionais. Seguimos pedindo un plan de choque que signifique facer test masivos nas residencias para localizar e illar focos, garantir material, intervir as residencias privadas... Todo, señor Feijóo, para salvagardar o máis importante, que é a vida dos nosos maiores.

A cuarta pregunta é: ¿como é posible que non lle teña reclamado o cese total da actividade ao Estado, como xa teñen feito outros territorios —por certo, algúns gobernados polo Partido Popular—? ¿Como lle explica, señor Feijóo, a un autónomo que ten que pechar o seu negocio porque é importante para salvar vidas, pero ao mesmo tempo ese autónomo ve que hai grandes empresas que seguen funcionando con centos ou miles de traballadores concentrados? Desde logo, a prioridade ten que ser salvar vidas, e non a conta de resultados.

E, por último, cremos que é importante saber se realmente está o sistema sanitario para facerlle fronte ao peor escenario, se se están tomando todas as medidas para poder atender a todo o mundo que o necesite. Hoxe volveunos dicir que había máis persoal que nunca. Eu creo que non é o tempo da propaganda, señor Feijóo, é o tempo do realismo. Nós non imos insistir na crítica e nos datos, o que está claro é que hai problemas no sistema sanitario e que a Xunta de Galiza ten que traballar neste ámbito. Ten que haber dotación de medios, ten que haber menos precariedade, ten que darlle estabilidade ao persoal e, desde logo, ten que haber unha previsión clara de lugares onde se vai poder atender a todo o mundo cando se necesite.

Eu xa lle adianto que unha vez rematada e superada esta crise sanitaria social e económica, pediremos que se reactive a Comisión de investigación sobre o Sistema sanitario galego, un sistema sanitario que padeceu durante a última década un desmantelamento brutal.

Onte, o seu xefe de filas, o señor Pablo Casado, propoñía levantar en Madrid un monumento ás vítimas...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: No BNG pensamos que non hai mellor monumento que un sistema público de saúde potente, con todos os medios e libre de recortes. Ese é o monumento que nós queremos levantarlle á sanidade deste país.

E, por último, permítame que me refira ás consecuencias económicas —e xa vou acabando, señor presidente—. Nós cremos que hai unha cuestión que é básica, que é impedir que esta crise a paguen os de sempre, as maiorías sociais. Eu estou certa de que á maioría dos galegos e das galegas non lles dá medo ter que quedar na casa, o que lles da medo é o que van atopar cando saian de casa; o que lles quita o sono é saber se van poder pagar a súa casa.

O Estado español optou por saír da crise financeira abandonando as persoas e rescatando a banca con 60.000 millóns de euros. Cremos que este é o momento de cobrar esa débeda a favor da maioría. Hai moitos particulares que están condonando o pago dos alquileres aos seus inquilinos. ¿Por que non está esa medida sobre a mesa para a banca neste momento?

Creemos tamén que as medidas económicas que se teñen adoptado desde logo son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...insuficientes —e vou rematando—; por iso queremos propoñerlle que se poña en marcha unha mesa económica e social onde nos sentemos todos, gobernos, partidos políticos e sindicatos, para ver xuntos como encarar o futuro, porque o problema vai ser moi gordo e non valen as solucións nin os parches.

E remato, señor presidente.

Estou convencida de que nada volverá a ser igual detrás esta pandemia, e confío en que aprendamos das leccións que nos deixa, que aprendamos a valorar os traballos máis precarizados, maioritariamente prestados por mulleres...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque son...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...elas as que nos están sacando as castañas do lume...;

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que aprendamos a valorar os servizos públicos, e moi especialmente a sanidade pública...;

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: ...que aprendamos que das crises non se sae a base de recortes que matan nin con máis centralismos e menos dereitos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Reitero toda a vontade do BNG de colaborar...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Mire o reloxo, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...coa man tendida para superar esta crise, señor Feijóo.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Grazas.

Bos días, señor presidente.

Benvida a comparecencia hoxe neste Parlamento, con funcións recortadas. Cremos que chega tarde, a pesar de que non saímos publicamente a facer unha crítica exacerbada da tardanza en comparecer. Onte o seu xefe Pablo Casado dixo «*que en los regímenes bananeros se estila la propaganda política en televisión; en las democracias parlamentarias los mensajes a la nación se dirigen desde los Congresos*». Nós cremos que, evidentemente, é vostede o presidente dos galegos e das galegas e debe de comparecer aquí para dar conta da situación.

Quero tamén manifestar o meu orgullo e admiración por esas profesionais e eses profesionais da sanidade pública, dos servizos sociais, que están salvando vidas co seu esforzo; esas mesmas profesionais e eses mesmos profesionais que levan anos reclamando recursos, reclamando o reforzamento do sistema público de saúde e dos servizos sociais ante políticas de recortes.

Vostede fixo unha apelación á unidade, e nós xa lle demos un aval nas xuntanzas que vostede convocou con todas as forzas políticas; un aval para remar no sentido de salvar vidas, para tomar todas as medidas que cremos que todas as administracións neste momento están tomando no mesmo sentido. A ninguén lle gusta nesta situación que non funcionen as cousas, e, polo tanto, sabemos que calquera gobernante neste momento está tratando de facer, coas armas que ten, o posible por salvar vidas. Ese aval da oposición non pode ser utilizado para ter unha plataforma para seguir facendo política partidaria ou electoralista. Vostede tratou de aclarar hoxe aquí as manifestacións reiteradas que fixo respecto do Goberno do Estado. Benvida sexa esa explicación ou esa xustificación se vén con propósito de emenda. Neste momento a lealdade coa que vostede se está a comportar ten que ser



recíproca e a lealdade institucional ten que poñerse por riba das diferenzas partidarias ou da campaña electoral.

Pero nós aquí tamén queremos xogar o papel, e queremos que nesta crise tamén se saquen importantes conclusións. Non sería responsable non poñer en evidencia cuestións importantes para o futuro, para cando isto pase, para cando o momento máis grave da crise pase. E é que a crise do coronavirus acudiu ás nosas vidas, é un baño de realidade para moitas e para moitos. veu mudalo todo, tamén as nosas prioridades, e agardemos tamén que as prioridades das políticas. A pandemia que acaba de eclosionar pon cruamente ao descuberto a índole lesiva das retalladas aos sistemas sanitarios públicos en aras do interese do capital, cando se converte a saúde en mercadoría a través do negocio da sanidade privada, primordialmente, aínda por riba e moitas veces alimentándose de fondos públicos. Esas políticas déixannos en desvantaxe para combater esta pandemia.

Hoxe é, pois, de sentido común, valorar máis as políticas de reforzo da sanidade pública, de coidados dos maiores, dos nenos, para garantir unha vida digna a todas as persoas. Con esta enfermidade non valen as solucións individuais, como case ningunha cuestión importante, e por iso as solucións están chegando do público, do colectivo, da solidariedade.

Acaba de explicar vostede as medidas que está a tomar, moitas delas compartímolos, porque moitas delas veñen do criterio técnico dos especialistas na saúde. Botamos en falta outras, sobre todo no eido económico.

Botamos en falta, como xa lle dixen, o cumprimento escrupuloso do seu papel como presidente de todas as galegas e de todos os galegos e que non aproveite a súa situación para actuar partidariamente, con ese aval que os grupos da oposición lle deron nas xuntanzas do 16 e 17 de marzo. Non se pode utilizar ese aval para facer vantaxismo, para eludir responsabilidades, buscando noutras administracións chivos espiratorios para todo o que lle convén.

No caso do material de protección e do material necesario, vostede aos dous días da declaración do estado de alarma, xa estaba a facer crítica pola tardanza dese material, dando a entender que a Xunta non podía facer nada. Non era certo, no real decreto non había nada que puxese que se suspendían as capacidades das comunidades autónomas para adquirir material. Non podemos traballar —e non poden traballar vostedes— en función de suposicións. Non había ningunha medida nese real decreto que suspendese as competencias da Xunta de Galicia para adquirir material. Seguiu recriminando esa falla de material. Para a nosa sorpresa, máis tarde dixo que había un stock de 500.000 mascarillas, mentres as profesionais da sanidade e dos servizos sociais queixábanse de que ese material non chegaba aos centros de traballo. A última nova foi que Galiza, a Xunta de Galiza, vai doar material a Madrid. Agardo que fale disto na seguinte intervención.

Todo o mundo sabemos que é unha situación moi difícil para conquistar ese material de protección, cando hai moita demanda e non se incrementa a oferta, ou a oferta é limitada. É difícil para vostede, por iso neste momento non llo recriminamos. É difícil para calquera goberno. Polo tanto, o que toca, como dixemos antes e como dixo vostede, é traballar entre



todas as administracións e a propia sociedade para conquerilo o máis rapidamente posible. Non se pode estar máis preocupado en buscar culpables que en facer cumprir as normas de confinamento e en dotar o persoal sanitario dos medios de protección necesarios. Non sabemos por que ese stock non se pon á disposición de todas as profesionais que o reclaman.

Claro que agora temos que centrarnos en salvar vidas e en superar esta situación, pero non podemos esquecer que no eido sanitario temos que loitar contra a pandemia e contra os recortes dos últimos anos, contra o coronavirus e os recortes. Estamos de acordo coas medidas que vostede propuxo de contratación de persoal para os hospitais e para os centros galegos, para que poidan atender a toda esa xente que chegará. ¿Como non imos estar de acordo, se os propios profesionais levan anos reclamando a contratación e que se remate coa precariedade como forma de contratación? ¿Como non imos estar de acordo en reforzar o 061 e a atención primaria na que tanto se recortou, cando as cifras de Galicia en médicos e enfermeiras están por debaixo da media estatal? E ademais defendemos que unha vez que pase o peor desta crise —agardemos canto antes— se cambie o rumbo e se aposte por un sistema público, potente e por unha sanidade pública de calidade.

Defendemos para as residencias de maiores o mesmo que levamos defendendo e o mesmo que levan defendendo as asociacións de familiares e as profesionais que nelas traballan. Defendemos que os recursos públicos se utilicen para a xestión pública das residencias, que a saúde dos maiores, o benestar dos maiores, non se converta nun negocio millonario en mans de fondos de investimento. Durante anos desoíronse estas voces que clamaban por incrementar as medidas nas residencias, as medidas de reforzo de recursos humanos e materiais. Non se lles fixo caso. En Galicia estamos á cabeza na privatización da atención aos maiores, o que se traduce moitas veces en falla de material e de persoal para atender os maiores, tendo os peores datos de cobertura, por debaixo da media estatal, nun sitio, nun país como Galicia, moi envellecido.

O coronavirus fai moi evidente que para salvarnos individualmente temos que salvarnos todas, e fai moi evidente a necesidade de políticas públicas potentes, abandonadas nos anos das políticas de austeridade. Isto é certo no eido sanitario, pero tamén no económico e social. Esta situación obrigará, como xa se está a facer, a que o público e o colectivo lle saque as castañas do lume á sociedade; pero o que non pode acontecer, como no 2008, é que sexa un momento de socializar as perdas unicamente. As axudas ás empresas que teñan que paralizar a actividade, ou para evitar que se pechen, non poden ser sen un retorno colectivo, non poden ser a cambio de nada. A intervención do sector público no sector privatizado dos coidados, como ten que facer a Xunta —e cremos que xa tardou en facer intervindo as residencias de maiores, como vostede acaba de anunciar—, non pode servir para que estas empresas que levan obtendo beneficios millonarios eviten pagar ou eviten ter perdas nestes momentos en que teñen que aportar tamén. Sairemos desta, estamos de acordo, pero hai que lograr que a saída sexa xusta, e para iso non só podemos mirar para o presente, senón que hai que mirar para o futuro. Para que exista unha sanidade pública forte, uns servizos sociais públicos fortes, hai que ter unhas políticas fiscais xustas e redistributivas.

Vostede acaba de anunciar o aprazamento —e non sei se anotei ben— dos impostos autonómicos de transmisións patrimoniais e de sucesións e doazóns. Ben, non sei se é



razoable neste momento —analizarémolo con calma— cando do imposto de sucesións e doazóns están exentos os patrimonios de menos dun millón de euros. Non sei se é razoable para a xente que ten máis dun millón de euros de patrimonio aprazar os pagos cando se van necesitar os recursos públicos. Non sei se é razoable aprazarlle a todo o mundo, independentemente da capacidade económica, os pagos destes impostos; máis ben nós cremos que hai que facer uns novos orzamentos do Goberno galego —se pode ser, co consenso de todas as forzas políticas— para esta nova situación. E, dentro dese novo orzamento, tamén se deben tomar unhas medidas fiscais máis progresivas, máis redistributivas, onde quen máis teña máis pague nesta situación, onde van facer falta os ingresos públicos.

Cremos que hai que tomar medidas para darlle xa estabilidade laboral ao persoal da sanidade, que hai que abandonar os contratos lixo; eses que permiten situacións de enfermeiras que traballan dez anos para cotizar cinco, e sen vacacións. Non se pode agardar máis, iso tamén é un foco de mala atención na sanidade pública.

Hai que medicalizar todas as residencias de maiores. Non imos discutir a proposta de residencias integradas porque supoño que se fará con base en criterios técnicos, pero hai que dar recursos para medicalizar todas as residencias de maiores. Hai que conseguir ese material médico, por certo, tamén iniciando políticas, como se iniciaron, de que se fabriquen no noso país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...—vou rematando, e remato cunhas preguntas nada máis—...

Vostede anunciou 10 millóns de euros para a reconversión de empresas para fabricar ese material. ¿Como están sendo os resultados de incorporación de empresas a ese plan?

Despois, a declaración de estado de alarma e de emerxencia sanitaria conleva a subordinación do privado ao público no eido da saúde. Ese decreto dálle competencias á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia para intervir na sanidade privada, se así o interese xeral o requiría. ¿Cal está sendo a aportación da sanidade privada en Galicia nestes momentos á loita contra o coronavirus, cando nos chegan noticias de que hai despedimentos e de que se invita a xente a coller vacacións? Cando se está a falar de habilitar o Multiusos do Sar como hospital de campaña, ¿que está facendo, por exemplo, o Hospital da Rosaleda, en Santiago, para loitar contra o coronavirus? Son preguntas que agardo que se contesten.

Están a exixirlles que poñan todos os seus medios á disposición da loita contra a pandemia. ¿Cal é o seu grao de colaboración?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Tamén —e xa remato— en canto ás medidas sociais...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...económicas e de apoio aos colectivos vulnerables, botamos en falta máis medidas. Galicia aínda non adoptou ningunha medida de axudas directas aos autónomos. Moitas comunidades autónomas si o fixeron; axudas directas de ata 3.200 euros en Madrid, de ata 2.000 euros en Cataluña, de entre 3.000 e 7.000 en Valencia. Só hai 5 comunidades autónomas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que non o fixeron...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...—xa remato—. E na vivenda e nas subministracións básicas...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...cremos que hai que ir máis alá...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...daquelas persoas —xa remato, xa vou rematando— que cumpren os requisitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

Ten outro turno despois.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...do bono alugueiro, porque hai xente que queda sen ningún ingreso...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Terminou o tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que non cumpre eses requisitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que necesitaría para poder pagar...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Desculpe.



O señor PRESIDENTE: Xa. Ben...

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Quero empezar a miña intervención cunha lembranza para todos os falecidos contaxiados polo coronavirus, para as súas familias, para toda unha sociedade galega que está pendente dos enfermos, dos contaxiados, daqueles que están nas súas casas contaxiados e daqueles que están tamén nos hospitais. É un momento complexo para o conxunto do país. É unha intervención esta á que calquera deputado preferiría non ter que acudir: un parlamento en situación de excepción ante un país e unha sociedade en situación tamén de alarma e de excepción.

É o momento, polo tanto, de estar a carón de todo o sufrimento, de todas as dificultades, a carón tamén de todos aqueles que co seu traballo permiten que o país siga traballando: o persoal sanitario— fundamental—, as persoas que dan o mellor de si mesmos para darnos saúde e calidade de vida —a todos eles, o noso recoñecemento—; os servizos sociais, persoas que están alí onde hai máis vulnerabilidade e máis dificultades; as forzas de seguridade do Estado; aqueles que atenden as farmacias; aqueles que atenden supermercados e panaderías; aqueles cidadáns que son transportistas; aqueles que son agricultores e pescadores e permiten a cadea de valor dende o sector primario... Grazas a todos eles porque permiten pasar unha situación tan complexa para o conxunto da cidadanía.

E grazas tamén aos galegos e galegas que están confinados, que estamos nas nosas casas saíndo simplemente por aqueles motivos de urxencia especificados nas regulacións existentes. Grazas a todos eles por cumprir e por estar con nenos e nenas nas casas que están vivindo períodos distintos aos que endexamais tiveron na súa vida. E tamén a todos os maiores que están confinados nas súas casas, milleiros deles en soidade. A todos eles, a nosa aperta, a aperta do Parlamento galego, a aperta dos representantes da soberanía popular, que estamos tan preocupados como os que máis polo que está acontecendo no noso país.

E sumámonos tamén aos aplausos que cada día nos balcóns de Galicia, nas ventás, nas fiestras das nosas casas, estamos dando ao persoal sanitario, o que nos fai sentir colectividade, o que nos fai sentir máis fortes. Estamos preocupados. É o momento das responsabilidades individuais de cadaquén no seu nivel para entre todos acadar unha resposta colectiva o máis axeitada. Preocúpanos Galicia, pero o que máis nos preocupan son os galegos e as galegas, as persoas, os cidadáns, os que teñen dificultades, os que estamos preocupados polo que está acontecendo: unha gran crise que non tiña previsión.

Sen dúbida, non tivemos a capacidade de predicir o que podía acontecer. Hai un mes ninguén podía predicir este escenario, unha crise de saúde sen precedentes no último século, unha gran pandemia. Viñamos, probablemente, xa curados de certos outros avisos de pandemias



que podían existir co ébola ou con outro tipo de gripes, e agora, dende logo, chegou esta. Hai que frear a curva, hai que parar os contaxios, hai que cumprir coas normas, e todos a unha temos que estar respondendo ante unha situación excepcional do país, unha crise de saúde, porque a saúde é o primeiro, a prioridade de todos nós: salvar vidas, evitar contaxios, evitar tamén o colapso das UCI e dos hospitais. Esta vai ser unha gran lección social para todos nós.

E unha segunda gran preocupación, a economía; unha crise da oferta que tamén é unha crise de demanda; unha crise sen precedentes que veremos que terá un compoñente conxuntural, pero que tamén poderá ter un compoñente estrutural.

E por iso esas son as dúas nosas prioridades: a saúde e a economía. E a carón da saúde e da economía, a necesidade de ter un escudo protector das cuestións sociais, das políticas sociais, para que ninguén quede abandonado. Desta gran crise sairemos con novas leccións. Na historia da humanidade cada vez que existen crises destas dimensións cámbiase o paradigma de pensamento, cámbiase o paradigma de reflexión. Imos ter dúas grandes leccións. En primeiro lugar, a importancia da sanidade pública, a importancia de ter a sanidade pública como un mecanismo de garantía para todos nós. Cada euro que se inviste en sanidade pública é un euro que hoxe tivera evitado os peores escenarios que existen na saúde e na economía. E a importancia tamén da acción pública para acompañar as dificultades dos cidadáns, dos traballadores, dos autónomos, daqueles que perden as posibilidades de desenvolver a súa actividade. Esta vai ser unha lección que temos que sacar desta crise: a importancia de fortalecer o Estado do benestar. Fronte ao individualismo, a importancia de fortalecer o Estado do benestar; fronte ao individualismo, a importancia do colectivo; fronte ao privado para todo, a importancia do público para o esencial; fronte a un país sen importancia no Estado, cunha minorización dos impostos, sen apostar por un gasto público suficiente, a importancia do Estado do benestar. Haberá novos valores e novas ideas, e, dende logo, nesa liña teremos que reconstruír as nosas sociedades, os nosos sistemas do Estado do benestar, tamén a nosa economía.

E xustamente por iso temos que fortalecer todos os mecanismos. O Goberno de España decretou un estado de alarma, 200.000 millóns de euros adicados a un investimento sen precedentes para a sanidade, para a economía e para a protección social. Este é o momento da lealdade, de traballar a carón uns doutros para conseguir ter a mellor resposta posible. Todo o PSdeG, todos os socialistas galegos, queremos trasladar a nosa posición de cooperar co Goberno da Xunta de Galicia. Para iso toda esta Cámara parlamentaria acadou tamén acordos que non estaban previstos, permitindo unha actuación e unha situación non prevista nin na Constitución nin no estado de autogoberno de Galicia, no noso Estatuto: a vixencia dun goberno e dun presidente nun réxime parlamentario sen que haxa Parlamento. Pero esta Deputación Permanente vai traballar a carón do Goberno de Galicia para enfrontar todos os riscos, para tomar todas as medidas necesarias.

Gustaríame, señor presidente, dicirle que ten vostede razón cando di que Galicia se anticipou e que Galicia o fai mellor. Gustaríame poderllo recoñecer, pero así non foi. E non foi porque, desgraciadamente, nin vostede nin ningún dos portavoces parlamentarios desta Cámara nin ningún dos voceiros parlamentarios no Congreso dos Deputados tivemos a capacidade de



predicir o que estaba acontecendo dúas semanas antes. Claro que todos teríamos cambiado a nosa actuación. Pero cinco días antes do que pasou, a situación era distinta, a acción pública era distinta e a axenda estaba marcada por outros acontecementos. Aquí decretouse un estado de emerxencia importante xustamente despois de que o Goberno de España anunciase un estado de alarma. Tomáronse medidas importantes para o país, e esta situación implica unha necesidade de cooperación. Pero, desgraciadamente, a situación nos pillou a todos nun escenario imprevisto, nun escenario de dificultades, nas que agora hai que traballar en clave de futuro.

E por iso queremos reforzar todas as medidas que teñen que ver co ámbito sanitario, coas políticas sociais, co ámbito económico; políticas para as persoas.

No ámbito sanitario, unha prioridade: Galicia ten que fortalecer o seu sistema sanitario público en total dimensión e témolo que facer con recursos humanos e tamén con material e con infraestruturas. En recursos humanos, en persoal, é importante avanzar, e fai ben o Goberno ao anunciar as medidas que vai levar ao Consello da Xunta e que están na liña do que se está facendo no conxunto de España. Esa medidas persoais teñen que ir máis aló. Temos que ofrecerlles contratos estables a todos os profesionais sanitarios que están á disposición de traballar no Sistema de saúde galego. Esa idea de precarización, esas listas de agarda, polas que son chamados para contratos dun día, dunha semana, ou case de horas, é necesario cambiala, e agora é o momento. Imos ter unha crise por diante que vai ser longa, porque estamos no túnel; sabemos que haberá luz ao final do túnel, pero non sabemos nin canto de longo é o túnel nin cales van ser as curvas que van existir dentro deste túnel.

Afianzar o sistema sanitario é a mellor garantía para todos; afianzalo en persoal, afianzalo en material. Claro que hai que tomar todas as medidas nun escenario internacional complexo para conseguir ter todos os mecanismos dispoñibles no noso sistema de saúde. Tamén en infraestruturas, recuperando hospitais pechados, plantas que non están en funcionamento. Debe haber protección ao máximo para todos os profesionais sanitarios; protección tamén para todos os traballadores dos servizos sociais e, dende logo, toda esa disposición hai que facela chegar ao conxunto do territorio. Porque nos preocupan as situacións que se dan nas residencias e, probablemente, haberá que plantexar todas as accións que haxa nas residencias que son competencia da Xunta de Galicia, porque a sanidade e as políticas sociais son competencia dos gobernos autonómicos, son competencia do Goberno galego, e aí está unha boa parte da razón de existir dos nosos orzamentos, da razón de existir dun goberno galego con posibilidades de actuar.

Temos que desenvolver medidas económicas, e son medidas positivas as que se anuncian, pero van quedar curtas. Quedan curtas porque o Goberno de España adicou case o 20 % do PIB a un investimento sen precedentes na historia. Na Comunidade Autónoma galega temos que estar tamén preparados para facer un plan de acción histórico, con todos os mecanismos, co Igape como un elemento fundamental, pero redimensionando todas as accións e redirixindo tamén fondos europeos, que poden reorientarse. Todos aqueles fondos europeos que poden reorientarse que se adiquen á loita contra o coronavirus no ámbito sanitario, no ámbito económico e no ámbito social.



Temos que apoiar tamén a todos os concellos, que, ao final, son os que fan as xestións das políticas dos servizos sociais; a alcaldes e alcaldesas de todos os partidos políticos, que están pegados á cidadanía e respondendo cos concelleiros das situacións máis complexas, dirixindo os servizos sociais, involucrándose en primeira persoa. Temos que acadar ese nivel de esforzo entre todos. A Xunta ten que prover tamén do material necesario e coas medidas dispoñibles a toda esa estrutura municipal, que é unha estrutura fundamental e que é a que implementa as políticas sociais, as de acompañar nos fogares os nosos maiores, as que dan tanta axuda ao conxunto do país. As políticas sociais son parte tamén do escudo protector. Temos que conseguir que desta situación de crise que se vai alongar semanas, meses, no ámbito económico, en todo caso, saiamos cun país cunha resposta máis integral. Que ninguén quede na cuneta. Fagamos da acción pública o mecanismo de resguardo, de protección, o escudo que protexa a todos os cidadáns galegos e galegas en situación de vulnerabilidade, os nosos maiores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...os nenos e nenas que tiñan bolsas para comer nos comedores escolares e que agora non teñen eses comedores escolares. Hai que implementar de forma inmediata, coa maior efectividade posible, mecanismos para protexelos, para acompañalos. Este é un reto colectivo, e, como nas grandes crises, vemos que sae adiante un país coa situación e co apoio da cidadanía do día a día. Non van ser as grandes empresas, non van ser os grandes poderes, non van ser os grandes relatos os que van dar unha saída adiante. A saída ante esta situación estana dando os profesionais na sanidade pública, os traballadores do común, tanto os mileuristas, que son agora transportistas, como os traballadores deste hemiciclo, que nos dan apoio para poder facer as intervencións, e tamén o persoal de limpeza, para poñer isto en condicións.

Este é un momento de gran dificultade e de gran reto para todos e, ante esta responsabilidade, imos dar o mellor de nós mesmos para cooperar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e para construír unha saída colectiva entre todos e entre todas para que esta crise a poidamos paliar e gañar entre todos fronte ao virus.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, é para min unha honra como portavoz da maioría expresar, en primeiro lugar, a nosa solidariedade coas familias dos 37 falecidos en Galicia, dos 520 hospitalizados e cos



máis de 1.888 que no día de hoxe sabemos que están contaxiados. A todos eles queremos mandarlles a nosa aperta máis solidaria, o noso máis fondo e sentido agarimo, ánimo para as súas familias e amigos, especialmente para aqueles que están hoxe —91 persoas— pelexando nas UCI polas súas vidas, e ás familias daqueles maiores que están recluídos nas residencias.

O segundo que quero expresar é agradecemento; agradecemento ao esforzo de todas as persoas que fan posible que neste momento crítico a sociedade siga funcionando; en primeiro lugar, ao persoal sanitario, tanto público como privado, que nos dá tranquilidade porque sabemos que estamos ben protexidos; ao persoal dos servizos sociais, das residencias, dos centros de menores, de atención a vítimas de violencia machista, de albergues sociais..., que están coidando as persoas que máis o necesitan; ás persoas que traballan na cadea alimentaria, desde os agricultores e gandeiros, ata as persoas que nos venden os produtos, nos dan os produtos nas tendas e nos supermercados; por suposto ao persoal público que segue a traballar nos servizos esenciais; ás Forzas Armadas, á Policía Nacional, á Policía Autonómica e ás locais; pero tamén a quen traballa nos servizos públicos de limpeza, de augas, de enerxía, e a todos os que lles dan continuidade aos servizos públicos tamén, como a educación, pese ás dificultades.

Tamén a nosa aperta aos traballadores e aos empresarios que seguen traballando en moitas dificultades para estes bens esenciais, pero á súa vez tamén a aqueles que durante esta crise están a sufrir os ERTE —é dicir, unha redución temporal de emprego—, autónomos, pequenos empresarios e 100.000 persoas que no día de hoxe en Galicia están con este instrumento, por certo, aprobado na reforma laboral que outros querían derrogar e que hoxe se ve que é un instrumento moi útil nestas circunstancias. E, por suposto tamén, aos profesionais da información, porque nestes tempos nos que os bulos son máis perigosos que nunca seguen a cumprir co seu labor de informar verazmente nestes difíciles momentos. En xeral, moitas grazas a toda a poboación, que está a cumprir o que mandan as autoridades, o confinamento, con responsabilidade, o que á súa vez exige de nós a mesma responsabilidade. E, por suposto, ao persoal da Cámara que hoxe fai posible a celebración desta reunión.

Estamos nunha situación moi extraordinaria. Hai uns días Emilio Lledó —que segue vivo aos seus 92 anos e que é a segunda vez que vive un momento de confinamento e crise; o filósofo que di que o elemento esencial do pensar e da instalación do home na natureza é, precisamente, a linguaxe— dicía literalmente que o que temos é un medo abstracto, difuso, estraño e que por iso hai certo desconcerto. E ese é o problema, o desconcerto non axuda a pensar ben, cando o que necesitamos neste momento é xusto o contrario, que a razón prevaleza sobre o caos. E precisamente porque a razón debe prevalecer sobre o caos é polo que é importante hoxe máis ca nunca tamén falar da importancia de revalorizar o que é a política; a política como idea de comunidade, organizada para facer cousas xuntos con todas as forzas da sociedade, sexan as públicas ou as privadas, sexa a través dos mercados ou a través da intervención do sector público, pero sempre perseguindo, neste caso, evidentemente, o ben común, o ben de todos. E, por iso, é un momento de responsabilidade, de responsabilidade individual tamén no senso máis esencial deste termo. Temos que dar respostas, temos que ser capaces de responder do que estamos facendo ante os demais, tamén ante nós mesmos, e saber que facemos cada un para minimizar os efectos da pandemia e superala.



É unha pandemia que, como xa se dixo, ten un triplo reto: sociosanitario, económico e institucional; o cal non é menor nun mundo no que estabamos, precisamente, falando das tendencias autoritarias e pseudodemocráticas dalgunhas forzas liberais que gobernan nalgúns países occidentais.

É, por suposto, un momento para a unión, para que toda a sociedade vexa que quen os representamos temos a responsabilidade de xestionar a crise e que actuamos con anticipación, axilidade, transparencia e alturas de miras.

Eu creo que en Galicia actuamos con anticipación. O 24 de febreiro déronse os primeiros casos de coronavirus na España peninsular, e tres días despois a Xunta xa tiña creada unha comisión interdepartamental para a xestión da crise, unha comisión clínica de expertos para o asesoramento ao Sergas e un teléfono de atención á cidadanía.

O 4 de marzo coñeceu o primeiro caso de persoa contaxiada en Galicia e dous días antes a Comisión interdepartamental xa aprobara o reforzo con 60 profesionais de servizos como os de recollida de mostras a domicilio, os de microbioloxía nos laboratorios e os de atención telefónica do 061. E tres días antes o conselleiro xa anunciara a compra de material por valor de dous millóns de euros, que son os que están permitindo que en Galicia, a diferenza doutras comunidades autónomas, se poidan seguir realizando probas con carácter xeral. E, por certo, declaramos o estado de emerxencia o día 13 de marzo, un día antes da declaración do estado de alarma no conxunto de España.

O 14 de marzo tivemos a fatal noticia do primeiro falecemento dunha persoa polo virus na nosa comunidade, e nese momento a Xunta xa tiña limitadas as visitas aos hospitais, limitados os aforos aos actos, suspendidas as actividades lectivas, reunírase coa Fegamp e os axentes sociais, declarara a emerxencia sanitaria e tiña constituído o Centro de Coordinación Operativa. E todo iso antes de ter que lamentar a primeira vítima mortal. Fomos a segunda comunidade que máis tardou en ter un contaxiado, a terceira que máis tardou en ter un falecido, pero fomos das primeiras en tomar medidas, e iso consideramos que foi moi importante.

No que ten que ver coa axilidade, simplemente quero recordar algúns feitos: a axilidade na resposta aos problemas sanitarios; o incremento do persoal sanitario cun procedemento extraordinario de contratación dos residentes no último ano de formación, que hoxe o presidente anuncia —eu creo que moi acertadamente— que se vai estender a todas as especialidades porque están todas volcadas na loita contra o coronavirus; ampliouse un 70 % o número de camas UCI; coordinación co sector privado para ter á disposición os seus recursos; localizáronse, seleccionáronse e habilitáronse establecementos hoteleiros para medicalizalos no caso de que sexa necesario; púxose en marcha algo que despois se copiou noutras partes de España, como o test desde o coche na meirande parte dos hospitais galegos. Todo iso porque había stocks, grazas a esa anticipación.

Tamén no eido social, o mesmo día que o Goberno de España declarou o estado de alarma e decretou o confinamento o Centro de Coordinación da Xunta tomaba decisións dirixidas a blindar os albergues e comedores sociais, suspendeuse o cobro do alugueiro ás persoas de



vivendas protexidas de titularidade autonómica, creouse un teléfono social de acompañamento e atención psicolóxica ás persoas soas, garantiuse a atención ás vítimas de violencia machista e o Plan de residencias está agora a habilitar dúas residencias integradas para as persoas internas en residencias que dan positivo.

Evidentemente, son moitas outras as medidas que se anticiparon, entre elas tamén nos anticipamos á petición do adiamento das eleccións. Eu quero recordar que algúns o día 11 aínda recordaban que podía haber eleccións, porque houbo eleccións en España cando foi o 11-M, e outros tamén o día 13 dicían que non se vía necesidade de facer un adiamento e que había que manter as eleccións. Afortunadamente, todos ao final conviñemos na importancia de non celebrar as eleccións nunhas circunstancias como as actuais.

Con relación á transparencia, eu quero recordar, primeiro, que o presidente da Xunta nos convocou a todos os líderes tres veces, onde tivemos ampla información e todos puidemos, ademais, facer consultas. O conselleiro de Sanidade tamén está á disposición dos grupos da oposición.

Por outra parte, esta comparecencia é a terceira que fai un presidente de comunidade autónoma. De momento só en Castela-León e Baleares, cos parlamentos abertos, tiveron comparecencia do presidente da Xunta, e en Euskadi está anunciada que será en breve, probablemente.

Este goberno, ademais, está a ser certamente transparente nas preguntas. Eu creo que hai unha diferenza notable entre quen comparece nos medios e atende as preguntas en directo e quen non o fai.

A terceira cuestión é que cremos que a clase política neste momento debe ter altura de miras. Hai que ser leais co Goberno de España, que é a quen lle corresponde liderar esta situación. Eu creo que a Xunta, ao incorporar o órgano decisorio fundamental neste momento, o Centro de Cooperación Operativa, o delgado do Goberno e o presidente da Fegamp —que, como saben, non militan no partido que sostén a maioría—, está a dar un exemplo dificilmente atopable noutras comunidades autónomas. Eu creo que a oposición estivo tamén á altura apoiando, non dificultando, facendo propostas para loitar contra a crise, cun ton construtivo nas reunións que mantivemos, e creo que non o está cando relaciona supostos recortes coa situación da crise que sobreveu como consecuencia do coronavirus. Eu quero recordar simplemente que foi o Goberno socialista no ano 2009 quen limitou a reposición das prazas no sistema sanitario ao 30 % e que o ano seguinte o reduciu ao 10 %, ou quero recordar, por exemplo, tamén que, excluindo as camas dos psiquiátricos —que non son estritamente camas para atención da poboación—, en Galicia había 7.007 camas cando chegamos ao Goberno nos hospitais e agora hai 7.228, cunha sanidade que ten mudado moito no que se refire á necesidade de atención en camas hospitalarias.

Eu creo que colaborar non debería ser o excepcional. A nosa obriga é estar á altura, como está á altura o persoal sanitario, o persoal dos servizos sociais, as persoas que traballan nos servizos esenciais como a alimentación, a loxística, a recollida de lixo, a limpeza, a



electricidade... En definitiva, como está á altura todo o país e como o están todas as familias que están respectando un moi duro confinamento.

Esta comparecencia creo que é un momento para manter esa altura de miras e manter o orgullo do que en Galicia estamos a facer xuntos, do que estamos a facer e do que continuaremos a facer para vencer o coronavirus. Porque isto vencerémolo, pero vencerémolo mellor e máis fácil desde a unión. Porque hoxe máis ca nunca son moi certas aquelas palabras de Castelao, que dicía: «Canto máis pensamos no porvir da nosa terra, máis nos convencemos da necesidade urxente de unirmos todos os galegos de boa vontade. Temos todo por facer, e do noso traballo depende o benestar de Galicia». Estamos seguros de que coa unión dos galegos, cooperando cos demais españois, con Europa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...co conxunto da humanidade, superaremos esta crise sociosanitaria, as súas consecuencias económicas e, ademais, preservaremos o noso sistema democrático. ¡Hai esperanza!

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Se lles parece, intentarei contestar, na medida das posibilidades, ás cuestións que foron trasladadas polos distintos portavoces e a portavoz do BNG e facer algún comentario xenérico, porque imaxino que esta sesión da Deputación Permanente non dá para moito máis.

Encabezaba as suxestións o deputado do Grupo Mixto, falando da importancia das mulleres durante todo este período, e, efectivamente, a maioría do persoal sanitario son mulleres, a maioría do persoal dos servizos sociais tamén o son, a maioría das persoas que traballan en servizos esenciais, sobre todo nalgún servizo esencial, tamén muller; en consecuencia, non podo máis que confirmar, coincidir na importancia da muller nestes momentos de alarma e de emerxencia sanitaria.

Por suposto que temos que seguir activos en toda a estrutura de protección da muller ante a violencia machista e por suposto que unha das decisións que adoptamos no Consello da Xunta de Galicia foi unha serie de medidas que seguen estando operativas como consecuencia de que os servizos esenciais neste ámbito están operativos.



En primeiro lugar, mantemos o teléfono da muller, o 900400273, que se mantén aberto as vinte e catro horas. En consecuencia, para todas as mulleres que poidan ter algún tipo de maltrato psicolóxico —por suposto, nin que dicilo, físico— estamos á súa disposición. Continuamos a prestar todos os servizos de carácter esencial, todos os pagos de axudas económicas, o bono de alugueiro social —de xeito telemático—, o servizo do apoio psicolóxico —a través do teléfono, do correo electrónico, incluso da videoconferencia—, o Centro de Recuperación para as Mulleres que sofren Violencia Machista mantén contacto permanente con todas as usuarias, o bono de alugueiro social amplíase ata asumir o 100 % do alugueiro —como mínimo durante un mes— e garántense os recursos alternativos e temporais de acollemento para proporcionar seguridade ás mulleres.

Lamento profundamente algunhas das consideracións que vostede nos trae en relación coa súa afirmación do desmantelamento do sistema sanitario público; será a súa responsabilidade; creo que non vale a pena adicar moito tempo a esta falsidade, porque, como vén sendo habitual, estas falsidades soamente se poden contrastar, para que queden en evidencia, cos datos.

Estamos no maior orzamento da historia da sanidade pública de Galicia, con máis de 4.109 millóns de euros, o que significa un 13 % máis que cando chegamos ao goberno, e estamos cunha maior plantilla do Servizo Galego de Saúde na historia, dende o ano 1991, en que se transfire o Insalud a Galicia, con preto de corenta mil profesionais do Servizo Galego de Saúde, cos que acabamos de contratar con todos os MIR de enfermería e de medicina. Non coñezo, por certo, ningunha outra decisión feita por outras comunidades autónomas ao respecto; seguro que as están facendo, non as coñezo; se vostedes as coñecen, gustaríanos coñecelas, sobre todo, en que momento se publican nos diarios oficiais das comunidades autónomas estas decisións. Anunciar é posible, publicar non, e, de feito, aínda o Ministerio de Sanidade non nos autorizou para expedir os títulos; en consecuencia, estámolo facendo baixo a nosa responsabilidade. Digo que non se compara ningún minuto este asunto; se queren vostedes, entramos, pero non creo que valla a pena.

Cada día temos que dar parte do número de falecidos, de contaxiados, de hospitalizados en plantas de UCI. Estamos xestionando unha pandemia, señorías, unha pandemia, e eu, se queren vostedes falar disto —tamén comentaba a voceira do BNG da Comisión de Sanidade, á que non asisten despois os grupos cando se crea; deberían ser un pouco responsables—, non quero profundar sobre a súa responsabilidade de utilizar a situación da sanidade pública. Por un lado, estamos orgullosos da sanidade pública e, por outro, estamos sempre criticando a propia sanidade.

Porque hai máis orzamento hoxe na sanidade pública que cando vostedes gobernaban, un 13 % máis. ¿Hai máis persoal na sanidade pública que cando vostedes gobernaban en épocas de bonanza económica, con máis presuposto do que temos hoxe? Si, un 9,3% máis de persoal hoxe que cando vostedes gobernaban, con máis presuposto do que temos hoxe. ¿Hai máis camas hospitalarias? Si, con máis presuposto; cando vostedes gobernaban había menos camas hospitalarias e hoxe hai máis, 7.228 incluídas todas, un 3,2 %.

Se o que queren é falar de sanidade pública, estamos á disposición; se o que queren vostedes é falar da pandemia, prosigo con esa reflexión.



Señorías, fálanme sobre a responsabilidade do autogoberno. ¿É que acaso deixamos de gobernar nalgún instante? Din que pechamos o laboratorio de Verín. ¿De verdade que isto é serio? ¿Vostedes non saben que non hai test para activar todos os laboratorios? ¿Temos que vir aquí outra vez volver falar da urxencia de test e comparar as máquinas instaladas cos test dispoñibles e chegar a conclusións tan sorprendentes, tan ineficaces como comparar as máquinas? Xa nos gustaría, señorías, como fixo Corea, estar facendo test masivos a toda a poboación. Acabamos de recibir hoxe pola mañá mil catrocentos test; iso dura para un día. Polo tanto, un pouco de contexto para poder falar da sanidade cun mínimo de rigor.

Por un lado, dise que hai que coidar os maiores e, por outro lado, plantéxansenos servizos mínimos na axuda ao fogar. ¿Realmente vostedes cren que debemos poñer servizos mínimos en axuda ao fogar? Fálase de número de maiores só en domicilio e o representante do Grupo Mixto plantéxanos se facemos servizos mínimos na axuda ao fogar.

Comparto con vostede, señora portavoz do BNG, o orgullo, o orgullo que temos como pobo, o orgullo de ser galego, o orgullo de ser galega, o orgullo de país. A pesar de todas as dificultades, estamos de pé e, a pesar de todas as incertezas, estamos xestionando, creo que con bastante admiración, por parte, en primeiro lugar, da xente que sabe do sistema sanitario público, de como funciona, da xente que sabe dos servizos sociais e como funcionan e, sobre todo, das persoas que seguen desde o punto de vista técnico, científico e loxístico o que se está a facer neste momento na sanidade e nos servizos sociais de Galicia.

En todo momento mantivemos a relación de transparencia —o conselleiro de Sanidade e eu mesmo en cinco ocasións—. Creo que este contacto está sendo fluído. Cada vez que me reúno co presidente do Goberno dou conta, e, como dicía o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, se non me esquecín, somos a terceira comunidade que comparece no Parlamento, sendo unha comunidade que neste momento ten a Cámara disolta. Polo tanto, o 16 de marzo, o 17 de marzo, o 22 de marzo, tivemos contacto a través de todos vostedes ou das persoas que os representaban, e tamén contactos eu mesmo e o conselleiro de Sanidade. Por suposto que eses contactos seguirán.

Señora Pontón, trabúcase vostede: non foi declarada pandemia no mes de xaneiro, a pandemia non foi declarada no mes de xaneiro. Non tiven ningún interese en dicir que o Ministerio de Sanidade e o Goberno foron exemplares nesta xestión —teño a miña propia opinión ao respecto—, pero tampouco podemos dicir que a pandemia fora declarada en xaneiro e que non se fixera nada ata marzo, porque simplemente iso non é certo.

Di vostede que non é o momento para declarar ou para describir os erros da Xunta. Eu agradézollo. Non teño en todo caso inconveniente, porque me gustaría mellorar os posibles erros nos que puidemos ter incorrido. En todo caso, se hai erros que vostedes teñen detectado, por suposto que estamos á súa disposición.

Pero dicir que Galicia non se anticipou pois é falar mal do pobo de Galicia e sobre todo dos servizos sanitarios e sociais do país. ¿Como que non nos anticipamos se os días 26 e 27 de febreiro, antes do primeiro caso de coronavirus, constituímos xa unha comisión de todos os departamentos da Comunidade Autónoma? ¿Como que non nos anticipamos se empezamos



a contratar persoal e material o día 1 de marzo, catorce días antes de declarar o estado de alarma, e o aprobamos no Consello o día 5 de marzo? ¿Como que non nos anticipamos se tomamos medidas de control similares ás das comunidades autónomas cos focos máis importantes? As únicas tres comunidades autónomas que tomamos a declaración de emerxencia sanitaria foron Madrid, Euskadi e Galicia o mesmo día, sendo Madrid e Euskadi o epicentro dos contaxios naquel momento e sendo Galicia unha das comunidades autónomas coa menor incidencia de contaxio de España. ¿Como que non nos anticipamos se fomos tres comunidades autónomas as que pechamos os colexios simultaneamente antes de que fora obrigado facelo en España?

Señorías, non creo que sexa razoable —e estou seguro de que o portavoz do PSdeG simplemente se trabucou— dicir que a declaración de emerxencia da Comunidade Autónoma se fixo despois da declaración de alarma; é simplemente unha equivocación de libro; e, en consecuencia, evidentemente, estou convencido de que simplemente foi un erro que pode ter calquera no momento en que está recollendo e manexando moitísimos datos.

Di a señora Pontón —e eu coincido con ela— que é necesario facer test a toda a poboación. Por suposto, dende o principio dixémolo. E, de feito, cando o Ministerio de Sanidade a través de roldas de prensa sinalaba que xa non se deberían facer máis test á poboación, nós dixemos que era un erro, e nas conferencias co presidente reitereino, que o test era imprescindible. O problema para facer os test é ter reactivos para recoller o test e para tratar o test, e este é o problema fundamental que temos como servizo de saúde. Diciao claramente. Temos dous problemas: o primeiro, os test de diagnóstico; e o segundo, os postos de UCI que temos que montar nos próximos días.

Claro que necesitaríamos todo o material sanitario. ¿É que acaso se pode facer responsable un servizo de saúde da urxencia de material sanitario, señor Sánchez? ¿É que acaso vostede non le o *Boletín Oficial do Estado*, que o Goberno dita e emite?

Di que dende o día 13 aos dous días xa pedín material sanitario. Por suposto, está aquí o *Boletín Oficial do Estado* (*O señor presidente da Xunta mostra un documento.*), está á súa disposición, e o *Boletín Oficial do Estado* di, no artigo 4, que lle corresponde ao Ministerio o aseguramento do abastecemento de produtos necesarios para a protección da saúde pública.

Pero, señor Sánchez —isto non o digo eu—, non hai un só presidente en España que non o estea dicindo. Non hai un só presidente dunha comunidade autónoma, con independencia do seu signo político (nacionalistas, socialistas e populares), que non estea botando de menos o material imprescindible para poder traballar neste ámbito.

Por conseguinte, claro que necesitamos material e test. Coincidimos plenamente coa señora Pontón. O que me sorprende é que non se saiba realmente cales son as posibilidades dun servizo de saúde que está competindo con Francia, con Italia, con Alemaña, cos Estados Unidos, para comprar material sanitario. É algo máis que sorprendente que nesta Deputación se poña en cuestión a dilixencia do Servizo Galego de Saúde para comprar material e adicionalmente se diga que por que temos máis mascarillas das que inicialmente podían ser razoables. Quiñentas mil mascarillas. Estamos consumindo só nos servizos sanitarios



setenta mil mascarillas cada día. Se trasladamos as mascarillas que necesitamos aos servizos sociais, estamos falando de oitenta mil mascarillas diarias. Tiñamos un stock para cinco días, ¿e parécelles que era moito ter quiñentas mil mascarillas? ¿Que ocorrería se non as tiveramos? ¿Que deixariamos de proceder a dar asistencia sanitaria ese mesmo día?

Señorías, non sei exactamente de que se nos acusa, pero ¡dicir que sorprende que Galicia teña quiñentas mil mascarillas cando hai escaseza! É que quiñentas mil mascarillas practicamente é un stock de mínimos. E se non tiveramos quiñentas mil mascarillas de stock, seriamos uns verdadeiros irresponsables, porque non se podería prestar asistencia sanitaria en urxencias nin se podería prestar asistencia sanitaria en planta, nin na unidade de coidados intensivos. Por conseguinte, sorpréndeme que se poña en cuestión se tiñamos ou non tiñamos máis mascarillas das imprescindibles.

Todo o material sanitario que estamos utilizando está de acordo co protocolo dos servizos de medicina preventiva, un protocolo que está consensuado por todos os servizos de medicina preventiva, e é evidente que nos gustaría flexibilizar ese protocolo e ampliar ese protocolo, pero cos almacéns que temos neste momento é o protocolo que temos en vigor e que nos parece realmente razoable.

Por iso non comprendemos que se discutan as quiñentas mil mascarillas pola señora Pontón, nin comprendemos realmente por que se nos plantexan algunhas das cuestións.

Sobre o de dicir que hai que facer test masivos ás residencias da terceira idade, ¿é que acaso alguén o dubida? Pero ¡se temos que andar presionando as multinacionais farmacéuticas para conseguir test todas as noites! Eu non quero entrar nas decisións doutras administracións públicas, porque por un lado dise que se pode comprar pero por outro lado danse instrucións aos que poden vender. E, por conseguinte, creo que este asunto debemos de tratalo co suficiente rigor, con independencia de que se fale de todo cando isto pase.

Fala a señora Pontón —e tamén algún outro voceiro— de por que non temos pedido o cesamento total de actividade de determinados sectores. Señora Pontón, sabe perfectamente que o cesamento de actividade de determinados sectores lle corresponde exclusivamente ao Goberno central, e, de feito, algunhas das suxestións que propuxemos, como foi o peche das perruquerías —eu mesmo o propuxen—, foi aceptado pola tarde; pola mañá, na Conferencia de Presidentes non se considerou oportuno. E cando algún presidente autonómico solicita o peche dunha actividade, é o Goberno central o que o ten que autorizar. E cando un presidente autonómico pecha unha actividade, automaticamente, en arredor dunha ou dúas horas, emítese unha orde por parte do Ministerio de Sanidade deixando sen efecto esa decisión do presidente autonómico, dado que non ten competencias no estado de alarma.

Eu teño discrepancias evidentes no tema do material e noutros asuntos sanitarios, pero nos temas económicos e nos temas de decisión da economía do país eu estou ao lado do Goberno de España, e, se discrepara, diríao nos próximos días, pero penso que o Goberno de España está intentando manter un equilibrio entre non arruinar o país definitivamente e manter todas as garantías sanitarias posibles. E, se non, podemos comparar cos temas económicos doutros países próximos mediterráneos e, por suposto, doutros lugares.



Sabe a señora Pontón e algúns dos voceiros que eu non podo cerrar as autovías, nin os aeroportos, nin os portos; sábeo perfectamente. E dicir nesta Cámara que eu teño que cerrar o confinamento de Galicia na súa totalidade é enganar os galegos; eu non vou participar nese engano. Eu pedín —o primeiro presidente no turno de intervencións na Conferencia de Presidentes— que se ditarian instrucións para que as persoas que viñeron de boa fe a Galicia aquela fin de semana volveran outra vez aos seus domicilios. Sanxenxo converteuse aquela fin de semana nun día normal de Semana Santa. A Mariña lucense converteuse nun día normal de Semana Santa de vacacións por miles de persoas que viñan de comunidades autónomas que decretaran a emerxencia sanitaria. E pedín ao Goberno central que dispuxera inmediatamente que ás persoas que estaban en Galicia sen domicilio habitual se lles indicara que tiñan que volver outra vez aos seus domicilios. Antonte mesmo, cando tivemos a información de que nos aeroportos de Galicia estaban vindo persoas das que non se comprobaba se estaban domiciliadas ou non en Galicia, volvíñ ofrecer unha declaración expresa para que as persoas que non teñan domicilio en Galicia non poidan entrar en Galicia a través dos aeroportos.

Polo tanto, esteamos co Goberno central, propoñamos cousas ao Goberno central, pero non asumamos unha responsabilidade que, dende logo, non podemos asumir, con independencia de compartir que unha das cuestións que, na miña opinión, produciron un maior impacto na situación epidemiolóxica de Galicia nos primeiros días foi o éxodo de miles de persoas que chegaron a Galicia —insisto— de boa fe, porque non estaba prohibida a circulación no territorio do conxunto da nación, no conxunto de España.

Dicía o señor Antón Sánchez que o real decreto non limita a compra. Supoño que calquera presidente da comunidade autónoma lle negaría esta interpretación, porque durante máis dunha semana os pedidos das comunidades autónomas quedaron paralizados, e dicir que o real decreto non limita a compra é algo máis que sorprendente. Señor Sánchez, ou todos os presidentes das comunidades autónomas estamos mentindo ou vostede está moi equivocado. E non quero dar nin exemplos de casas nin exemplos de provedores que notificaron á comunidade autónoma este feito.

Fálase tamén de que dotacións cedemos á Comunidade de Madrid. As dotacións que cedemos á Comunidade de Madrid foron solicitadas, en primeiro lugar, polo ministro de Sanidade e, en segundo lugar, pola presidenta da Comunidade de Madrid. ¿Ímoslle contestar ao ministro de Sanidade que non imos ceder nada á Comunidade de Madrid? Esa sería unha proposta. O ministro de Sanidade pediunos UCI para Madrid, e nós cedemos once UCI para Madrid, porque tiñamos unha petición. É certo que non foi unha orde por escrito, pero tiñamos unha petición do Ministerio de Sanidade, e, posteriormente, a través de conversación telefónica, tamén solicitada persoalmente pola presidenta da Comunidade. Iso quere dicir que nos anticipamos, porque ninguén pode dar o que non ten, e cando alguén dá o que ten é porque se anticipou na compra —como teño dito aquí—, dende o 27 de febreiro e marzo, que empezamos a comprar, antes de estar ditada a pandemia pola Organización Mundial da Saúde. Quince días antes do decreto de alarma, o Servizo Galego de Saúde estaba comprando material. Imaxinen por un momento se o Goberno de España estivera comprando material dende aquel *Boletín Oficial do Estado* que se publicou o 31 de decembro do ano 2019 sinalando un estado de prealerta sanitaria. ¿Que ocorrería neste momento?



A sanidade privada non pode máis que poñerse á disposición da sanidade pública, e, se hai algunha relación coa sanidade privada que estea ocultando a sanidade pública, alá os seus xestores e alá as súas responsabilidades. Dixémolo dende o primeiro día e reitéroo. Se temos coñecemento, de forma directa ou indirecta, de que hai algún medio da sanidade pública que se lle está negando ao sistema sanitario público, alá os seus xestores e os seus directivos.

Señoría, se a vostede lle parece mal aprazar impostos, esa é a súa propia decisión; evidentemente, é o seu propio plantexamento. Sorprende que os 200.000 millóns de euros —que realmente son 110.000— que o Goberno do que o seu partido forma parte non lle tocarán para as empresas grandes. Vostedes ditan cousas en Madrid do que se esquecen posteriormente a quíñentos quilómetros de distancia.

No de dicir, señor Sánchez, que no Ministerio de Traballo hai que tratar mellor os autónomos, coincidimos. A ver se vostede consegue que o Ministerio de Traballo trate mellor os autónomos, porque, como vostede sabe, o Ministerio de Traballo ten moito máis que ver con vostede que con nós. Por conseguinte, cando se din algunhas consideracións creo que hai que contextualizalas, porque responsabilizar unha comunidade autónoma das axudas aos autónomos é simplemente facer un exercicio dunha... —non vou cualificalo—, é simplemente un exercicio que non comparto. Nós estamos absolutamente convencidos de que os autónomos teñen que ter máis protección, pero que veña un membro dun partido político que xestiona o Ministerio de Traballo dicir que hai que darlles máis axudas aos autónomos ben merecería unha autoemenda.

Señorías, pódolles asegurar que dende que me dedico á xestión pública nunca intentei facelo con máis intensidade, e tamén lles podo asegurar que, se non me tivera dedicado á xestión pública durante décadas, non podería ter a visión da situación que temos neste momento, simplemente por falta de experiencia.

Miren, nós empezamos a aplicar os protocolos das residencias o venres día 13, e nas primeiras videoconferencias co presidente do Goberno —que supoño que estarán gravadas— o primeiro presidente que falou das residencias da terceira idade foi o presidente da Xunta de Galicia. Porque sabiamos perfectamente que ese problema era o problema fundamental dende o punto de vista de impacto, primeiro, na supervivencia dos cidadáns, dos maiores, dos nosos avós, das nosas avoas, dos nosos pais, e, en segundo lugar, de impacto de presión asistencial que se podía producir nas urxencias e nas plantas de hospitalización. O primeiro protocolo a nivel nacional que se ditou foi o 21 de marzo, e quero dicir que, na miña opinión, é un bo protocolo. Pero ¡negar que nos anticipamos nas residencias!, se temos vinte e dous mil catrocentos usuarios nas residencias, menos de catro mil en residencias públicas, dezasete mil en residencias de iniciativa privada, e temos unha porcentaxe de contaxio inferior ao 1 %. Creo que hai un interese polas residencias públicas. Insisto en que esta taxa de porcentaxe do 1 % estou convencido de que irá subindo nos próximos días, porque, evidentemente, estamos co factor de risco máis grave, máis esencial e máis nuclear desta crise.

Non é de recibo, señorías —e láméntoo—, ter que escoitar que tamén houbo recortes nos servizos sociais, cando resulta que temos os mellores servizos sociais da nosa historia, tanto



en número de dependentes como en número de prazas de discapacitados, multiplicando por dezaseis os beneficios de axuda no fogar, chegando a vinte e catro mil cando partiamos de mil quiñentos. Entendo que non o merecen os profesionais dos servizos sociais. Pero, en fin, señorías, estou convencido de que a todos nos gustaría ir máis rápido e a todos nos gustaría ter un país moito máis potente, pero pódolles asegurar que hoxe temos o país máis potente na sanidade pública e nos servizos sociais da historia de Galicia.

Finalizo. Señor Caballero, eu agradezo moitísimo a súa primeira parte da intervención, porque coincido plenamente con ela. Coincido plenamente en demostrar o agradecemento a todas as familias e coincido con que vostede queira trasladar e estar ao carón do Goberno da Xunta de Galicia.

Non podo coincidir en sinalar que esta gran crise ninguén a podía predicir, non coincido. Ninguén a podía predicir con esta intensidade, pero tiñamos información na China e moi próxima, a unhas millas de Baleares, en Italia. En España declaramos o estado de alarma o 14 de marzo ás 23 horas, practicamente o domingo 15, con 136 falecidos. En China confinaron once millóns de persoas, con 18 falecidos. En Alemaña constituíuse un comité permanente de vixilancia o 6 de xaneiro, vinte e un días antes de confirmar o primeiro contaxio. Non estou de acordo, señor Caballero, pero tamén estou de acordo con vostede en que non toca falar disto agora. E, por suposto, estou convencido de que vostede simplemente se trabucou ao dicir que as decisións da Xunta foran posteriores ás decisións do Goberno de España. En ningún caso. Foron anteriores, case dous días.

Dixo vostede que se transferiron 200.000 millóns para economía e para sanidade. Non, non, non, para sanidade 300, e foron repartidos onte, e a Galicia tocáronlle 17. Dos 1.000 millóns de euros que o Goberno dixo que se tiñan transferido á sanidade, 1.000 millóns, de momento o Goberno central queda con 700. Foron transferidos 300 no día de onte. Se se van transferir máis, oxalá. Pero dicir que hai 200.000 millóns para economía e sanidade, non, non. Hai 1.000 millóns para sanidade, dos cales para as transferencias a comunidades autónomas son 300 —reitero: 300—. E para Galicia, cuns criterios cos que ao ministro xa lle notificamos que non coincidimos, porque a porcentaxe de maiores de 65 e a porcentaxe de dispersión practicamente é nula nesta repartición, tócanlle —se non me trabuco— 17 millóns de euros.

Nós estamos de acordo en que hai que apoiar os concellos. Hai que apoiar os concellos, e a pregunta que nos facemos é: ¿e o Goberno de España? ¿E a Federación Española de Municipios e Provinciais? ¿25.000 millóns de superávit nos concellos en España e as comunidades autónomas, cun déficit, debemos apoiar os concellos? A resposta é que si. E, de feito, a través do presidente da Fegamp —que, por certo, está tendo un comportamento máis que correcto—, hoxe ás dúas —estiveron no día de onte—, hoxe ás dúas están recollendo materiais, entre eles cen mil mascarillas cirúrxicas, dúas mil mascarillas respiratorias, dezaoto mil guantes e mil botellas de solución hidroalcohólica. E cónstame que hai alcaldes que están traballando ao máximo para que se poidan mellorar as súas prestacións.

Estamos desinfectando un total de 169 centros nos concellos de menos de cinco mil habitantes, que son realmente os que máis dificultades teñen.



Pero, señor Caballero, ¡dicir que Galicia non se anticipou! O número gratuito de información, o 900400116, foi activado o 27 de febreiro, dezasete días antes de declarar o estado de alerta, e foi reforzado, con moi bo criterio, por solicitude da portavoz do BNG e dalgúns de vostedes nas conversas que tivemos. Mantivéronse todos os días nos medios de comunicación recomendacións dende o día 5 de marzo. O autotest para consultas e síntomas a solventar puxémolo o 16 de marzo. E as medidas preventivas aprobáronse o 10 de marzo, cinco días antes da entrada en vigor do estado de alerta.

Adquirimos materiais a partir do 1 de marzo. O estado de alerta declarouse ás 23 horas do 14 de marzo. O 20 de marzo aprobamos un novo expediente e firmamos un acordo coa Osakidetza para conseguir un pouco de dimensión na compra. E de 160 pasamos a 274 camas de UCI, un 71 % máis.

Claro que nos anticipamos, e grazas a que nos anticipamos non estamos ben, simplemente estamos un pouco menos mal que o resto das comunidades e dos servizos de saúde.

Señorías, eu veño aquí trasladarlles a información que teño e advertirlles de que probablemente o estado de alarma pase, pero o estado de emerxencia sanitaria, non. Porque, primeiro, efectivamente, é a sanidade e a saúde dos galegos. E veño trasladarlles que, en función dos datos, lamentablemente non nacionais, senón dos estudos que estamos facendo entre, en primeiro lugar, os clínicos e tamén outras facultades do saber das universidades galegas, o pico de contaxio con derivación á hospitalización e con derivación á UCI vai empeorar nos próximos días, e vai empeorar simplemente porque estamos case á metade da porcentaxe de contaxio de España e, en consecuencia, ese pico vai incrementarse.

Como é lóxico, tereinos informados de como vai evolucionando ese pico e, sobre todo, de que medidas seguiremos adoptando para intentar respostar ás necesidades maioritarias e esenciais, tanto no ámbito dos servizos sociais como no ámbito da sanidade.

E tamén seguiremos adoptando medidas económicas, medidas económicas dentro das posibilidades da Xunta de Galicia, e, sobre todo, cando se nos resposte a unha pregunta: ¿que porcentaxe de déficit público se vai autorizar ás comunidades autónomas? Esa é unha pregunta importante e esa pregunta aínda non está respondida. Non é unha crítica —insisto—, non é imprescindible ter coñecemento da porcentaxe de déficit público que se nos vai autorizar, pero si digo que esa pregunta que está formulada é unha pregunta que necesitará resposta como mínimo en maio ou xuño, porque evidentemente non hai ningún límite de gasto na Xunta de Galicia neste momento contra a pandemia e iso vai producir un incremento de gasto e necesitamos coñecer as nosas posibilidades macroeconómicas para atender á reconstrución, como di o presidente Sánchez, do país dende o punto de vista económico, dende o punto de vista industrial e dende o punto de vista social.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda especial de aclaracións.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas de novo, presidente.

Señor Feijóo, o aumento do orzamento en sanidade non asegura para nada que esta sexa pública. Iso é un feito. E, segundo, suspender a axuda a domicilio de libre concorrencia para persoas non dependentes non quere dicir que se suprima a axuda no fogar. Entón, non poña vostede verbas na miña boca que eu non dixen.

Nós dende En Marea queremoslle formular tamén algunha pregunta. Preocúpanos de forma importante a situación que se está a vivir no sector da pesca galega. Está a vivir unha situación inviable ante a crise polo covid-19, cunha caída acusada de prezos, e o marisqueo tamén está parado. Pois non sei, se ben agora ou ben para a próxima comisión, nos pode dar ou comentar esas axudas que están pensando para o sector.

A agricultura e a gandería tamén son piares básicos para o mantemento da produción e o abastecemento de alimentos, cousa que inquieta nestes días de corentena, sobre todo, tamén as cidades. Vostede hai uns días falou comigo dicindo que ían blindar os mercados de venda deste produto de primeira necesidade, e o martes publicou no DOG un decreto onde nos prohibiron ata o 31, ou sexa, dous despois fixo totalmente o contrario do que dixo que ía facer. Os habitantes do rural teñen unha canle menos para mercar un alimento de primeira necesidade e de calidade. Ademais, estes servizos básicos adaptado aos que vivimos no rural adoitamos atopalos nas vilas, e iso moitas veces facilítanos a vida ao non ter que coller coches e facer longos desprazamentos para ir a grandes superficies mercar.

Sobre os autónomos e as pemes, a Xunta pensamos que ten que aprobar de inmediato un paquete social que supra as carencias do que está a facer Madrid e que favoreza a recuperación cando remate esta emerxencia sanitaria, porque detrás desta emerxencia sanitaria vai vir unha crise social.

Medidas de protección precisas para traballadores e traballadoras de servizos sociais. Vostede na primeira intervención falou de moitos colectivos, entre eles os transportistas e paquetería. Hoxe sabemos como están descargando á man os camións, sen luvas e sen nada, porque as súas empresas non lles proporcionan eses medios. Entón, eu penso que ten que ser a Xunta e os seus mecanismos de control os que regulen estas situacións.

Un plan de choque social. As medidas económicas instauradas ata o momento son un pouco escasas, e veñen para os de sempre, que é para a clase obreira traballadora.

E a seguir vou ler un breve texto do avogado vasco Endika Zulueta, quen escribía o 20 de marzo nun xornal e dicía: «Por supuesto que nos quedamos en casa, pero no por espírito militar, ni por disciplina, ni por obediencia ciega; lo hacemos por solidaridad, por el cuidado personal y colectivo. (...) Muchas personas no vamos a ser nunca soldados; debe saber que por supuesto que nos quedamos en casa, pero no por espíritu militar, ni por disciplina, ni por obediencia ciega (pues somos



gente que piensa); lo hacemos por solidaridad, por el cuidado personal y colectivo, y, por supuesto, por la defensa de la sanidad pública; y en este contexto, general, nuestra guerra no tiene nada que ver con la suya», referíase ao alto cargo que moitas veces comparece co presidente do Goberno. E isto vén a colación pois un pouco polo estado de militarización que temos hoxe no noso territorio.

Aproveito que está aquí o señor vicepresidente para dicirlle que hoxe Galicia conta con mecanismos de sobra para facer fronte a unha crise deste calado se estiveran ben desenrolados. Temos plans, catro ou cinco plans, dentro da Lei de emerxencias que non se desenrolan nin ao trinta por cento. Gustaríanos que esta crise servira de exemplo para, unha vez rematada, desenrolar esta Lei de emerxencias tal e como está redactada, para que sexan os propios profesionais civís os que nos socorran nun futuro.

E, xa para rematar, quería deixar unha reflexión para a xente que volva repetir aquí nesta cámara e para as xeracións vindeiras. Eu penso que temos que aproveitar esta crise para non cometer os mesmos erros. É necesario recuperar a soberanía galega, a soberanía do noso país, reactivar a capacidade de xestión do noso país. Isto máis que nunca pode ser un factor chave para ter futuro, un decreto de alerta propio que atenda a nosa especial maneira de nos asentar no territorio aos distintos graos de perigosidade por concellos, e con criterios sanitarios e non políticos. Diciamos antes: Galiza non é Navarra, nin é Valencia, nin é Madrid.

Falou o señor presidente, ao principio da súa intervención, e lembrouse dos nenos e das nenas. Pois nós tamén pensamos nos nenos e as nenas, así como nas persoas con trastornos, que deben ser protexidas tamén contra este illamento permanente e as consecuencias psicolóxicas que poden derivar del. Xestionar estas doenzas esquecendo isto podería crear novas patoloxías e novos problemas de saúde.

Fai falta un decreto adecuado aos contextos diversos que temos en Galiza: número de habitantes, proximidade do foco de contaxio, dentro das vilas ou dentro dos barrios das cidades. Se unha das chaves para evitar a propagación desta doenza e doutras que virán é impedir a acumulación de persoas no mesmo lugar, temos a fortuna de posuír un país, un territorio con máis de trinta mil núcleos de poboación, unha rede de estradas e servizos que xa están agora mesmo instalados, que poden perfectamente soportar a actual demografía.

Polo tanto, temos que pensar en políticas, en traballo da terra, recuperación dos servizos públicos, o teletraballo, aproveitar esa vantaxe competitiva, o minifundismo e o espallamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...por todo o territorio coa capacidade produtiva.

Remato e reitero: este virus amosou a flexibilidade do sistema; se cadra é tarde, pero intentemos darlle unha volta a todo o sistema actual. E reiteramos dende En Marea a nosa disposición para traballar da man do Goberno galego naquelas propostas que vaian



encamiñadas a frear a expansión do virus. E tamén lle pedimos ao Goberno que, por favor, protexa as persoas e os colectivos que están a quedar en risco de exclusión por mor dalgunha das medidas adoptadas ata o momento.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señoras e señores deputados, señor Feijóo, hoxe, mentres nós estamos aquí na sesión da Deputación Permanente, hai miles de persoas que están loitando contra o coronavirus, miles que están abrindo tendas, supermercados, que están en gasolineras, centros de traballadores e traballadoras do sistema sanitario público, que están dando o mellor de si para loitar contra esta pandemia, e creo que se merecen ver a mellor versión deste parlamento. Eu creo que non é o momento nin o lugar de que veña aquí cun discurso que está vello e que está caduco, que veña aquí facer de oposición da oposición. Creo, desde logo, que os galegos e as galegas se merecen algo mellor e que non nos decepcione tamén ante unha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo.

A nosa vontade está moi clara, pois é a de sumar, a de traballar, a de que vostede poida aproveitar as propostas que lle trasladamos. E quero reiterar que ten a Xunta de Galiza e ten todo o conxunto dos galegos e das galegas a leal colaboración do BNG, tanto nos concellos como nas deputacións, como organización política.

E estou convencida de que xa lle gustaría a Sánchez ter a oposición que vostede ten neste momento, señor Feijóo. Se quere pode lerlle algunhas das frases que dixo onte Pablo Casado no Congreso, e poderá vostede comparar cal é a actitude e a lealdade que está tendo neste momento a oposición en Galiza co que está pasando no Estado.

E creo, señor Feijóo, que este non é o momento para a propaganda; de verdade, xa falaremos do que pasou coa sanidade pública deste país, hai tempo. Neste momento o urxente é que a sanidade funcione o mellor posible, que teña o maior número de medios e que estea o mellor preparada para poder afrontar unha crise do calibre da que temos neste momento. Estamos vendo o que pasa noutras latitudes e, desde logo, é urxente que fagamos todo o posible para que iso non pase en Galicia.

Tamén entendo que este non é momento para ironías. Xa lle expliquei en que pode mellorar o seu goberno. Ten un documento con dezaoito páxinas, con medidas concretas que pensamos que hai que adoptar. Pero tamén lle expliquei algunhas cuestións nas que era importante que tomase a iniciativa.

Unha é pechar aqueles territorios que son un foco de contaxio, porque vostede segue recoñecemento que non está funcionando ben o estado de alarma, que segue habendo



persoas que poden vir contaminar outros territorios que teñen unha menor incidencia, contaminar as persoas. Polo tanto, esa medida, que foi eficaz, que se aplicou en China nun primeiro momento, ¿por que non trasladala ao Estado español?

Eu xa sei que non depende de vostede, pero vostede pode pedilo, igual que o de blindar Galiza. Dixo na súa intervención que vostede non estaba de acordo con que se abrisen as perruquerías e trasladoullo ao Goberno do Estado. ¿Por que non o fai nunha medida de grande alcance e de grande impacto como as cinco propostas urxentes que nós lle estamos facendo?

Dicímoslle: traslademos como Deputación Permanente un gran acordo no que pidamos que hai que pechar aqueles lugares que son un foco e que, polo tanto, poden estender o coronavirus; que hai que blindar aquelas zonas que teñen unha menor incidencia neste momento, como é o caso de Galiza, que hai que paralizar toda actividade que non sexa imprescindible, porque —insisto— hoxe hai persoas que están poñendo en risco a súa vida en condicións que en moitas ocasións non son as mellores para realizar os seus traballos, porque non se blindou toda a actividade. Esta medida tomouna Italia tardiamente. Non repitamos os erros doutros lugares, aprendamos do que outros están facendo mal para que realmente as cousas aquí se fagan mellor.

Porque, pode ter a certeza, o BNG o que quere é que acerte. O BNG o que quere é que acerte, porque iso será bo para a vida dos galegos e das galegas e porque será bo para o noso futuro, porque estamos nunha situación de emerxencia na que nós, desde logo, non entendemos de partidismos nin das cores dos diferentes gobernos. Este é un momento de traballar unidos polo futuro de Galiza.

E creo que me entendeu mal, pois eu o que dixer é que a finais de xaneiro a OMS lanzara unha alerta internacional sobre o que significaba o coronavirus, e que a partir de aí houbo toda unha serie de indicacións aos gobernos, e que todos os gobernos chegaron tarde; ¡todos os gobernos chegaron tarde, señor Feijóo!

Eu, desde logo, non creo que o seu goberno se anticipara á crise das residencias de maiores. Penso que se vostede pensa que o fixo ben nesa crise, está equivocándose. Creo que se vostede considera que se anticipou para garantir a subministración necesaria no ámbito sanitario, no ámbito dos servizos públicos ou no ámbito da actividade esencial neste momento, tamén creo que se equivoca, porque a realidade é que non temos material suficiente. E creo que o persoal merece un respecto, e que non está para un pimpampum entre a Xunta e o Goberno central utilizando este tema como escusa nin outros. Creo que estamos nun momento no que se require que os gobernos non estean buscando como responsabilizar outro da crise, senón que se unan para traballar, para que haxa solucións e, sobre todo, para garantir a seguridade no traballo, a vida e o futuro deste país.

Por iso tamén creo que vostede se equivoca se cre que se anticipou nas medidas económicas. Non creo que hoxe os autónomos e as autónomas deste país estean contentos, sobre todo porque ven que noutros gobernos autonómicos se dan axudas directas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...e que este goberno non o fai. E tamén temos sectores preocupados, como no marisqueo ou na pesca.

Señor Feijóo, creo que aí vostede non se está anticipando. E creo que se equivoca se cre que con medidas tardías e insuficientes está todo feito. Nós, desde logo, —insisto— queremos que acerte polo ben de Galiza, queremos que acerte polo ben da saúde das persoas.

E remato cunha última reflexión. Falouse aquí do importante traballo que están facendo as mulleres nesta crise —e eu dicíao tamén na miña primeira intervención—, e estamos vendo como son traballos moi precarizados de mulleres caixeiros, limpadoras, coidadoras..., moitas delas tamén traballando na administración pública, as que nos están sacando as castañas do lume. Confío en que esta e moitas outras das aprendizaxes que temos que facer desta crise sirvan para que no futuro traballemos para cambiar esa realidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: E conclúo, se mo permite o presidente do Parlamento, vinte segundos,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...reiterando a vontade de colaborar do BNG, a man tendida para superar esta crise e o orgullo porque estou convencida de que os galegos e as galegas somos capaces de saír adiante, que o imos facer e que hai que lanzar tamén unha mensaxe de esperanza...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...nestes momentos tan duros.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nós cremos que esta comparecencia, e máis na gravidade da situación, non é para que ninguén veña aquí cruzar reproches, pero tampouco facer autobombo. Por iso non vemos acaído que se gaste máis tempo en falar de se a Xunta se anticipou ou non, e non en contestar as preguntas, que non só fai a oposición, senón que fai a cidadanía. E creo que vimos iso nas intervencións do portavoz popular e do presidente nestas segundas.

Nós non criticamos, señor Feijóo, a sanidade galega como dixo vostede tratando de manipular. Nós criticamos a súa política sanitaria, que non é o mesmo. Ao contrario, nós



respaldamos todas as profesionais e os profesionais, que levan anos reclamando que se acabe coas políticas de recortes, que se reforce a sanidade pública, que se contrate persoal, que se contrate o persoal que agora se ten que contratar á présa e correndo. E, por certo, señor Puy, ¿taxa de reposición aprobada polo Partido Socialista? Si. ¿Apoiada entusiasticamente polo Partido Popular? Tamén. ¿Cando gobernou o Partido Popular sete anos en Madrid retirou esa taxa de reposición? Non. Polo tanto, falemos de datos. Os datos non son reproches. Sei cando se retirou, sei en que ano se retirou, señor Puy.

Por outra banda, se está retirada, ¿por que dicimos nós datos? Non por reproches. Non é por reproches, é porque nós cremos que ao contrario do que pasou en 2008 a saída ten que ser xusta, e para que a saída sexa xusta temos que sacar leccións do acontecido. E esas leccións dinnos que —xa que o señor Feijóo falou de que falemos de datos— non é o mesmo vivir nun país onde hai 5,9 camas UCI por 100.000 habitantes, como é Galicia, que noutro como en España, que ten 8,28 camas, ou como en Alemaña, que hai 29, ¿verdade? Non é o mesmo, porque vostede mesmo dixo que houbo que á presa e correndo incrementar o 71 % das camas para dar resposta a esta crise, e estase barallando —como xa lle dixen— facer hospitais de campaña por se a cousa se agrava.

Non é o mesmo ter 450 médicos por 100.000 habitantes que 477, que é a media estatal. Non é o mesmo ter 525 enfermeiras, moitas delas precarias con contratos por días, que ter 560. Non é o mesmo.

Por iso debemos de sacar conclusións. Nos momentos de gravidade como é este, quen está sacando as castañas do lume é o público, o colectivo, todo o mundo. Por iso para o futuro o que non pode ser é que cando pase esta crise volvamos ás andadas de desviar os orzamentos públicos para o negocio privado. Non é o mesmo, como está Galicia, estar á cabeza da privatización das residencias da terceira idade que neste país presentan peores ratios de persoal que as de xestión pública, como vostede sabe. Non é o mesmo ter menos persoal que ter máis persoal á hora de atender este tipo de crise. Por iso nós dicimos que hai que abandonar esas políticas no futuro. A oposición non estaría á altura, señor Puy, se non lembra isto, para que unha vez máis non volvamos saír en falso dunha crise como esta.

Señor Feijóo, di que se eu estou en contra do aprazamento de impostos. Eu fíxenlle unha pregunta moi concreta. ¿Para vostede —e fágolla doutro modo, a ver se ma contesta— é razoable aprazarlle o pago de impostos, por exemplo, a unha persoa que ten cinco millóns de patrimonio? (*O señor Núñez Feijóo pronuncia palabras que non se perciben.*) No imposto de sucesións e doazóns, no que están exentas todas as persoas ata un millón de euros, ¿para vostede é razoable a todas as que superen o millón de euros tamén aprazarlles o pago? Porque nós estamos a favor de aprazarlles o pago a eses autónomos que teñen que pechar unha cafetería, que tiveron que pechar un bar, unha pequena tenda. ¡Claro que si! Pero non cremos que sexa razoable aprazarlle os impostos a todo o mundo, tamén aos que teñen varios millóns de patrimonio. É o que lle estamos dicindo. Quero que me conteste se lle parece razoable e se é unha saída xusta.

Pregunteille tamén cal é o papel concreto que está xogando a sanidade privada, unha vez que nese real decreto se autoriza ás comunidades autónomas dispoñer de todas as



instalacións e o persoal da sanidade privada para atender a crise do coronavirus, cando se está barallando a posibilidade de facer hospitais de campaña no Multiusos do Sar. ¿Cal é o papel? ¿Que está poñendo a sanidade privada unha vez que o ano pasado anunciou beneficios históricos, récord deste país, unha cota de mercado da sanidade privada do 26,5 %, nunca alcanzada antes debido ás políticas sanitarias? ¿Que é o que están poñendo agora?, ¿despidos e vacacións forzosas ao persoal, señor Feijóo? ¿Que lles está ordenando o conselleiro de sanidade que fagan para axudar e para arrimar o ombro?

A estabilidade laboral, tamén lle preguntei. ¿Non é o momento de darlles estabilidade laboral a esas enfermeiras e enfermeiros, que como lle dixen levan cotizados cinco anos despois de traballar dez anos encadeando contratos lixo un tras outro?, ¿non é o momento? Non só darlles palmadiñas na espalda e utilízalos nos discursos, senón de recompensalos con estabilidade laboral. Iso tamén llo preguntei.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E a pregunta das cincocentas mil máscaras. Non manipule, a pregunta non é se é bo ou malo ter cincocentas mil máscaras. Claro que é bo. A pregunta é que habendo cincocentas mil máscaras de *stock*, ¿por que os profesionais se queixan de que non as teñen nas residencias da terceira idade, nos hospitais e nos centros de saúde? Esa é a pregunta.

A pregunta é: se vostede estivo tres días seguidos queixándose da falla de material, ¿por que, se non hai suficiente material, este vai para Madrid? E isto non é ningunha pregunta tendenciosa nin capciosa, quero sabelo. Quero saber, se vostede se queixa da falla de material, por que despois vai para Madrid.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Con respecto ao Real decreto das competencias da Comunidade Autónoma, vostede que ten tempo ilimitado, non coma nós, rétoo a que lea o artigo do Real decreto onde di que se suspenden as competencias das comunidades autónomas para adquirir material. Rétoo. Vostede, que ten tempo ilimitado e que o ten aí impreso, pode facelo.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Remato xa, señor presidente, pois estamos falando dunha cuestión importante e quedame unha pregunta só.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, xa pasou o seu tempo. Mire o reloxo, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, claro que o Goberno do Estado tivo...

O señor PRESIDENTE: Xa tivo a outra vez moito tempo. Remate xa, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Remato con esta pregunta, señor presidente.



Cando preparamos esta deputación permanente, falamos de que habería que ter un pouco de flexibilidade para unha cuestión tan importante; tampouco pasa nada.

O señor PRESIDENTE: Pero mire o reloxo, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Os autónomos. Claro que o Goberno do Estado lles ten que dar axudas aos autónomos, e terá que darlles máis aínda. Pero houbo comunidades autónomas que como a Xunta de Galicia teñen competencias tamén económicas, —e que pode axudar cos seus orzamentos públicos— que lanzaron liñas de axudas directas de ata 3.000 euros, 3.200 euros e ata 7.000 euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Por que a Xunta de Galicia non fai o mesmo e non axuda eses autónomos? *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo. Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

As políticas sociais e a sanidade son dúas das competencias das comunidades autónomas e de Galicia, da Xunta de Galicia. E aí temos que marcar toda unha prioridade fundamental para conseguir abordar os retos do futuro dun país que está preocupado, dunha cidadanía que está confinada, duns profesionais sanitarios que están atendendo en situacións complexas a calidade de vida e a nosa saúde, e temos que facer un esforzo conxunto.

Claro que nos preocupan cuestións, pero non imos, dende logo, poñer por riba do que nos diferencia ningún tipo de cuestión, imos poñer a nosa prioridade marcada con total claridade en colaborar con lealdade co Goberno da Xunta e co Goberno de España. Esa é a prioridade tamén dos alcaldes e alcaldesas, dos presidentes das deputacións, da presidenta da deputación que o Partido Socialista ten, e creo que de todos os alcaldes e alcaldesas do noso país.

Pero non podemos tampouco facer un relato que non sexa o real, non podemos tentar xerar unha posverdade que engane a cidadanía. Desgraciadamente, dende a Xunta de Galicia, dende o conxunto dos grupos parlamentarios aquí presentes, ninguén anticipou o que está acontecendo. En ningún momento na sede parlamentaria, na Deputación Permanente, se plantexaron esas cuestións.

E eu sei perfectamente o que dixer, señor Feijóo: que o venres día 13 de marzo, cando a Xunta de Galicia declarou o estado de emerxencia sanitaria, o presidente do Goberno de España xa trasladara en rolda de prensa a decisión de adoptar o estado de alarma ao día



seguinte. E, polo tanto, esa capacidade de anticipar acontecementos, e que vén no mesmo día en que se declarou o estado de emerxencia no País Vasco, é simplemente unha cuestión de tentar colgarse medallas por cuestións de horas que non solucionan os problemas. Hai que darlle a información ao país, hai que darlle a realidade ao país.

Evidentemente, nesa semana cambiou a axenda pública e a axenda de prioridades, e todos nos reactivamos nun mesmo escenario. O luns 9 de marzo chamounos o conselleiro de Sanidade para dicir que o nivel de contaxio na comunidade autónoma galega era moi reducido e que non se estimaba que houbera que tomar decisións de calado. Era o luns día 9, e continuamos coa nosa axenda. E vostede mesmo, señor Feijóo, o mércores día 11 sináalo vostede na súa propia conta de Twitter, tiveron un almorzo balance con máis de cincocentas persoas en Ferrol. E mantivemos esa semana, polo tanto, unha adaptación.

Eu non lle pido, señor Feijóo, que teña que facer máis do que todos puidemos ver, pero non intente vostede xogar a colgarse unhas medallas, que, en todo caso, nos farían exixirlle moita máis responsabilidade da que poida ter.

Non podemos construír unha posverdade, unha irrealidade complexa dunha situación de emerxencia. E preocúpannos moito as cuestións. Por iso tendemos a man, para reforzar o sistema sanitario en todo o que sexa necesario: en recursos humanos, en infraestruturas, en material. Porque queremos reforzar tamén as políticas sociais, que son competencia da Xunta de Galicia.

E preocúpannos as residencias de maiores. ¿Como non nos vai preocupar que unha residencia en Vigo teña trinta usuarios que están contaxiados e varios traballadores? Ou o que aconteceu en Celanova. E había xa dende o 5 de marzo documentos técnicos do ministerio, despois corroborados por vía de decreto.

Preocúpannos, claro está, todas as decisións do material. Daquela primeira chamada na que vostede nos dixo na videoconferencia de que estaba alarmado porque non había material —estou falando do luns posterior ao estado de alarma, dous días despois—, e como ao longo desa semana, unha semana despois, se visualizou que había medio millón de máscaras, e parécenos un acerto.

Vostede di agora que antes da propia situación foi ao Consello da Xunta comprar material. Ben, o que di directamente como está reflectido especifica con claridade que se comprou material de equipamentos de cobertura cirúrxica, ¡cirúrxica! Non sei se vostede cando tomaba esa decisión e a trasladou aos medios de comunicación, trasladou que estaban comprando ese material cirúrxico prevendo o escenario dunha determinada crise.

Eu creo que a realidade nos superou a todos. Superou, e é bo dicilo, porque os cidadáns que están nas súas casas saben perfectamente que isto non o previmos o conxunto dos responsables nin as autoridades, nin aquí en España, nin no conxunto dos países. Galicia, desgraciadamente, estivo tamén nesa situación complexa na que estamos todos.

E agora tamén é o momento de rectificar erros. Se unha profesional que tivo a posibilidade de traballar durante estes días trasladou nas súas redes sociais que tiña medidas de



protección que consideraba insuficientes, ¿cre vostede que era necesario cesar esa xefa de Cirurxía Plástica e de cobertura na Área Sanitaria de Vigo? Cremos que non. Polo tanto, tamén rectificar as súas decisións cando son erradas.

Ou cando se enviou aos concellos antonte e onte material que tiña deficiencias. A algún concello chegoulle material caducado no 2015. Están as fotos por aí circulando.

E plantexámolo non para intentar facer unha crítica desapiadada, senón con vontade de cooperar, con vontade de trasladarlle ao Goberno da Xunta a preocupación do país, a preocupación que teñen os cidadáns que están nas súas casas, os que están confinados, os que teñen aos seus familiares nos hospitais, na UCI.

Onte mesmo contábame unha veciña, unha cidadá, boa amiga, que foi pasar uns días ao Mediterráneo, como o seu marido durante varios días chamou aos teléfonos, e antonte tiveron que acudir directamente ao centro de saúde e despois ao Hospital Cunqueiro. Está na UCI, en situación de risco; non sei se nestas horas as pasará ou non.

E iso é o que nos preocupa a todos. E nesa vontade de cooperar é na que non estamos na loita partidaria nin partidista. Marcaremos as diferenzas e diremos aquilo que cremos que non funciona adecuadamente, porque é a nosa responsabilidade. Pero ten vostede unha oposición leal con sentido de país, en todos os grupos desta cámara, que posibilitamos un escenario extraordinario en circunstancias extraordinarias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e que todos traballaremos a carón para fortalecer o Estado do benestar, a sanidade pública, as políticas sociais e as políticas económicas que permitan ter un escudo protector para que ninguén queda na cuneta.

Ese é o compromiso do PSdeG: a defensa do Estado do benestar e da sanidade pública. E nesa liña pedímoslle e traballaremos a carón para solucionar os problemas do país.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, dicía a portavoz do BNG que quería ver a mellor versión do Parlamento. Eu creo que ese é o obxectivo que traemos todos hoxe aquí. Eu, de entrada, quero agradecer o ton que, en xeral, mantiveron os grupos da oposición, aínda que hai que facer algunha precisión. Dicía, por exemplo, a señora Pontón que xa lle gustaría ter ao Goberno de Madrid a oposición



que ten o Goberno de Galicia. Tamén se podería dicir que xa lle gustaría á oposición de Madrid ter o Goberno que ten Galicia, que está comparecendo, que está buscando medidas, que está reuníndose constantemente cos portavoces da oposición e procurando sacar adiante a loita contra a crise. E, por certo, é unha oposición que tamén pode ter un discurso, pero que apoiou as medidas que tomou o Goberno; cousa que, por certo, non fixo o BNG. Ao final, se son verdade as dúas cousas, isto é bo para o país e podemos alegrarnos de que temos en Galicia un moito mellor goberno e unha moita mellor oposición do que hai noutros lugares; e, polo tanto, eu agradeceríalles que seguiran facendo propostas. Como xa saben e se recoñeceu aquí, moitas das que se fixeron foron saíndo; e, evidentemente, todas as que sexan útiles seguiremos aceptándoas.

Respecto do de blindar Galicia, en fin, eu quería dicir simplemente que todo o mundo sabe que a limitación de dereitos fundamentais, como é o da mobilidade, dependen do Goberno que declarou o estado de alarma, que é o Goberno central. Vostedes onte plantexárono como reforma ao Decreto de alarma; e, como saben, non é unha cousa que se diga desde Galicia, é que llelo dixeron tanto o Partido Socialista en España como o Partido Podemos e a Esquerda Plural e tamén o Partido Popular. Polo tanto, é complexo. Niso eu non vou entrar, na diferenza entre que Madrid se pecha e Galicia se blindo porque, ao final, o resultado é o mesmo.

Pero si que quería dicir unha cuestión, e é que vostede dixo nun momento que había que minimizar os efectos económicos da crise, e é certamente un equilibrio complexo porque o fundamental é a saúde. Pero pechando todo o sistema produtivo, con independencia dos problemas que pode xerar no funcionamento ordinario dos servizos básicos e fundamentais que arrastran tras de si tamén moita actividade económica, certamente podería poñernos nunha situación económica moito peor.

En definitiva, eu tamén quería aclarar —porque o señor Sánchez dixo que leramos o Decreto de alarma— que é simplemente unha información. Hai un decreto previo onde se establece exactamente —e dío claramente— que «*cuando un medicamento, un producto sanitario o cualquier producto necesario para la protección de la salud se vea afectado por excepcionales dificultades de abastecimiento para mejorar su distribución la Administración sanitaria del Estado temporalmente establecerá el suministro centralizado por la Administración*». Iso publicouse antes do estado de alarma, e o estado de alarma o único que fai é dicir: eu asumo esta repartición centralizada. Xa veremos. Analizaremos no seu momento como foi esa repartición centralizada; certamente parece que non con moito éxito.

Sobre o tema xeral da sanidade —que non é hoxe o debate—, eu simplemente quero dicir que ¿como estaríamos hoxe fronte a esta crise no suposto de que, por exemplo, na área de Vigo, non houbera o novo hospital, ao que vostedes se opuxeron por terra, mar e aire? ¿Como afrontaríamos esta crise sen o aumento das áreas de urxencias dos hospitais da Coruña, da Barbanza ou do Salnés, ou das áreas de hospitalización dos hospitais de Ourense ou da Mariña? ¿Ou como teríamos rebaixado a presenza doutros pacientes nos centros sanitarios se non contáramos con ferramentas como o sistema de telemonitorización dos crónicos, a receita electrónica ao 100 % da poboación, que está permitindo agora que a xente siga accedendo aos medicamentos, o incremento da hospitalización a domicilio, ou a consulta



telefónica —temas estes que a oposición nunca recoñeceu—? Entón, eu creo que hai suficientes datos para avaliar que a xestión deste goberno non fixo a Galicia máis vulnerable ante esta crise, senón todo o contrario, fíxoa máis forte. E, en parte, intentaremos resistir menos mal que outros e grazas a este reforzo.

Tamén se dixo que nada volverá ser igual. É certo, é posible que nada volva ser igual. Eu no que confío é en que o que saia desta crise sexa unha sociedade mellor, con forza, con máis forza, porque, se vencemos xuntos a crise, a nosa sociedade será máis forte. Pero non debemos de perder a perspectiva. O presidente xa anunciou esta mañá que o peor está por vir, pero tamén sabemos que cando o superemos virá o mellor. E nós consideramos que nesta situación e despois destes datos, cifras e actuacións que nos dixo o presidente, Galicia ten un goberno —o Goberno de Galicia— co que está en boas mans, porque se está anticipando, está respondendo axilmente aos problemas que xorden, estao a facer con moita transparencia e, ademais, con altura de miras, que non é outra altura que a dunha sociedade que está hoxe chorando os seus mortos, que está auxiliando os seus enfermos, que está asistindo nas súas casas a quen máis o precisa, que resiste o confinamento nos seus domicilios, que sairá conxuntamente dunha crise e que tamén sairá das consecuencias que a crise nos deixe.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da comparecencia, o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, presidente.

Señorías, se lles parece, comento rapidamente algunhas das cuestións que vostedes nos trasladan neste último turno de réplica.

O portavoz do Grupo Mixto di que non discute que se incrementou o presuposto en sanidade. Iso, sen dúbida, agradézollo porque o presuposto da sanidade se incrementou en 470 millóns de euros. Temos hoxe un 13 % máis de presuposto do que tiñamos; pero pon en dúbida se ese presuposto foi para a actividade privada. Señoría, vostede debería de saber que os concertos —é dicir, o gasto na sanidade privada— diminuíron neste Goberno sobre o Goberno do ano 2009. Por conseguinte, lonxe de distraer o diñeiro para o incremento da sanidade privada, destes 470 millóns de euros máis —aínda sen finalizar o gasto real do ano 2020, que superará, sen dúbida, máis de 500 millóns de euros máis que no ano 2009— a inmensa maioría foron para a sanidade pública, e na sanidade privada decidimos diminuír o gasto en concertos.

Vostede tamén está preocupado —igual ca nós— pola pesca e polo marisqueo. Lóxico, forman parte da cadea alimentaria. E sabemos perfectamente que a cadea alimentaria ten a obriga de estar activada para que vostede e mais eu poidamos xantar ou cear, igual que o



resto dos cidadáns que non están na cadea alimentaria. Pero o certo e verdade é que imos seguir traballando cos sectores, sobre todo co sector do marisqueo. Sería un disparate neste momento tomar decisións que afecten a cadea alimentaria. En consecuencia, pódolle asegurar que para nós no marisqueo —onde estamos observando que hai unha diminución do consumo como consecuencia do peche masivo de bares, restaurantes, etc.— está caendo o prezo. E, polo tanto, temos que replantexar tanto as axudas aos autónomos no ámbito do marisqueo como as capacidades de facer os ERTE a determinadas empresas do sector transformador e da cadea mar-industria. Iso é o que estamos tratando co Ministerio de Traballo e o que tamén estamos tratando en xeral co sector da pesca e do marisqueo en Galicia.

Señoría, vostede sabe, porque eu llo dixen, que a proposta da Xunta de Galicia era abrir os mercados de proximidade. E tamén vostede sabe, porque eu llo dixen, que tiñamos un problema, dado que lle plantexamos ao ministro de Agricultura esta proposta e o ministro de Agricultura nos dixo que non estaba autorizado de momento a adoptar un criterio favorecedor da apertura dos mercados. Vostede sábeo perfectamente. Nós queremos abrir eses mercados. Se non abrimos os mercados, primeiro, é porque hai unha decisión estatal, e calquera decisión que adoptemos nun goberno autonómico é automaticamente anulada polo estado de alarma e o ministerio correspondente. Hai centenaes de decisións, microdecisións, que adoptan algúns concellos e algunhas comunidades autónomas nas que inmediatamente se aclara que iso non se pode facer, dado que o estado de alarma o impide.

Nós plantexamos abrir eses mercados a partir do 31 de marzo, e por iso tomamos decisións na Cecop, que é o máximo órgano de alerta sanitaria, prevendo en que condicións e baixo que condicións podemos abrir eses mercados de proximidade. E non lle oculto que a nosa intención é abrilos, iso si, garantindo a saúde pública para os vendedores, en primeiro lugar, e garantindo a saúde pública para os compradores, nun contexto nacional onde, de momento, se entende que ese tipo de actividades non se deben de permitir. Do mesmo xeito que pedimos ao Goberno central que autorizase aquelas persoas con cultivos ou viñedos para o autoconsumo a que poidan facer desprazamentos para ir ás súas hortas e poidan coidar as viñas para que non se bote polo chan toda a produción vitivinícola de Galicia nos próximos meses e que o aclarase. E marcamos e establecemos, para darlles seguridade e para que non se anule por parte da autoridade competente, que non se debe superar a distancia de 500 metros dende a vivenda habitual para autoconsumo. Iso non se aplica para a gandería nin se aplica para a actividade profesional agraria, na que se pode desprazar un máis de 500 metros. Pero pódolle asegurar que o que estamos intentando é sensibilizar o Goberno central xustamente para que toda a agricultura e a gandería de autoconsumo estea blindada e para que tamén os mercados de proximidade teñan suficiente actividade e, polo tanto, as persoas que a iso se adican teñan suficientes ingresos mínimos.

Miren, nós estamos moi conformes coa proposta da señora Pontón. Merecemos ver a mellor versión deste Parlamento, sen dúbida. E temos o maior interese por seguir colaborando co BNG. Eu agradézolle a colaboración, porque foi un grupo que remitiu un dossier bastante amplo. Algunhas das medidas xa están postas en vigor, para outras das medidas non temos competencias. En todo caso, paréceme moi ben. O BNG ten un plantexamento do Estado distinto, o BNG non acepta determinados plantexamentos da Constitución española e do



estado de alarma e, en consecuencia, comprendo que vostede me poida pedir a min como presidente da Comunidade Autónoma que faga cousas que non podo facer. Como declaración política non teño dúbidas de que vostede o pode facer, pero, como vostede comprenderá, eu non podo facer aquilo que estea fóra das miñas competencias e que sexa ilegal. Se a proposta é que traslademos ao Goberno de España as competencias que Galicia non ten para que o Goberno de España as execute —e dá vostede moi bo exemplo no caso das perruquerías—, non teño ningunha dúbida, vostede sábeo perfectamente. Hai dous días tiven que volver reiterar que estaban entrando nos aeroportos galegos persoas ás que non se lles solicitaba —polo menos coa información que tiñamos— a acreditación de vivir en Galicia, e iso está prohibido polo estado de alarma. Polo tanto, o que temos que facer, en primeiro lugar, é cumprir o estado de alarma, e cumprir o estado de alarma significa, desde o punto de vista de facto, que Galicia está blindada, do mesmo xeito que están blindadas outras comunidades autónomas, porque non poden entrar en Galicia persoas que non vivan en Galicia e non se pode entrar en Galicia salvo plantexamentos de abastecemento de servizos esenciais. Iso é o que di o estado de alarma.

Xa sei que o señor Torra quere blindar Cataluña. Levamos xa tres conferencias de presidentes e xa sei cal é a proposta dalgúns nacionalistas, pero deixemos as cousas así e non lle quitemos a razón ao Goberno cando a ten. Neste caso, o estado de alarma está ben plantexado. Cuestión distinta é que se teñan todas as medidas para blindar os territorios e, por suposto, cuestión distinta é que nós esteamos absolutamente en contra —dixémolo e sorpréndeme que o señor do Partido Socialista veña aquí dar leccións de que a Xunta non se anticipou e de que o estado de alarma xa fora anunciado polo presidente do Goberno—. ¿En que país un presidente do goberno pode anunciar un estado de alarma sen aprobalo? ¿En que estado democrático un presidente do goberno pode anunciar un estado de alarma 24 horas antes de publicalo no *Boletín Oficial do Estado*? ¿En que país se pode aceptar que nun estado de alarma preavisado se deixe durante dous días, o venres e o sábado, entrar en Galicia miles de persoas de Madrid e encher as Rías Baixas e a Mariña lucense e aínda dicir que o único que fai a Xunta é copiar ao Goberno central? Namentres tiven información de que a Comunidade de Madrid pechaba os restaurantes o venres 13, adoptei a decisión inmediata de declarar o estado de alarma, porque non podía ser de ningún xeito que as persoas de boa fe que chegaban a Galicia, saíndo de Madrid, viñeran xantar, pernoctar e cear nos restaurantes galegos abertos, porque o Goberno central dixera que ía declarar un estado de alarma sen declaralo. Pero, señor Caballero, con todos os respectos, ¿de verdade que isto non se pode comentar? Pero, ¿pódese facer unha cousa deste teor? ¿Pódese declarar un estado de alarma e non comparecer ata as 22.00 horas cun consello de ministros celebrado pola mañá? ¿Pódese declarar un estado de alarma, quitar do estado de alarma todas as cuestións económicas e pospoñer as cuestións económicas ata o martes seguinte?

Señor Caballero, leccións e dicir que copiamos o Goberno de España, xa lle digo, non, en ningún caso. Se copiáramos o Goberno de España, esa fin de semana, o venres e o sábado, habería miles e miles de persoas —con todo o dereito do mundo, ben acollidas en Galicia— procedentes de comunidades autónomas que deberían estar pechadas desde había tempo. Dicir que non nos anticipamos, cando nós suspendemos as clases o día 12 e o estado de alarma entrou en vigor ás 23:00 horas do día 14... ¿E se seguimos coas clases de forma indefinida? Dicir que non nos anticipamos, cando prohibimos calquera tipo de acto, con



independencia de que estiveramos en período electoral, de máis de 1.000 persoas —este propio partido político ao que pertenzo deixou sen efecto unha romaría con 4.500 persoas cando se podía facer en España de acordo coa normativa española—... Dicar que non nos anticipamos, señor Caballero, creo que non o merece Galicia, e dígollo con total tranquilidade: non o merece. Polo tanto, eu aquí estou defendendo este pobo e este pobo non merece que se diga que Galicia non se anticipou ao Goberno de España en moitísimas medidas de sanidade, de provisión e de compra.

En todo caso, claro que nos anticipamos. Anticipámonos 17 días, dende o 27 de febreiro, en crear unha comisión de todos os departamentos da Xunta de Galicia que estaban traballando; anticipámonos 15 días en comprar subministración sanitaria, dende o 1 de marzo que empezamos a comprar subministracións: mascarillas, guantes, respiradores, desinfectantes... ¿Como que non nos anticipamos? ¿Pero vostedes non saben que hai comunidades autónomas que romperon o stock desde hai días e non están facendo desde hai semanas nin un só test? ¿Realmente lles van negar aos profesionais da saúde pública e aos profesionais de medicina preventiva a anticipación de 15 días para mercar material sanitario? Claro que nos anticipamos. ¿Como non podíamos anticiparnos se o 20 de marzo tivemos a decisión de incrementar un 71 % as camas de UCI? ¿Vostede cre que un servizo sanitario é capaz de incrementar o 71 % as camas de UCI de hoxe para mañá se non estiveramos anticipando? Claro que nos anticipamos, señoría.

E sorpréndeme, señor Sánchez, que vostede me fale aquí das taxas de reposición. Mire, antes de entrar na pandemia, antes de coñecerlas con exactitude, vostede recordará un acordo do Consello da Xunta no que solicitamos autorización para sacar unha oferta pública de emprego de 5.000 prazas sanitarias, porque temos un límite para sacar as ofertas públicas de emprego en Galicia como consecuencia de que non se deixou sen efecto a taxa de reposición que durante os anos do Partido Socialista e os primeiros anos do Partido Popular estivo vixente en Galicia e en España. Pedimos autorización por escrito ao Ministerio de Sanidade, ao Ministerio de Administracións Públicas e ao Ministerio de Facenda para sacar unha oferta de 5.000 prazas de sanidade, e hoxe aínda está sen contestar. Por conseguinte, ¿como que non temos interese en incrementar o cadro de persoal? Por suposto que si. Señor Sánchez, sabe vostede igual ca min que nós non privatizamos os servizos sanitarios nin os servizos sociais, e sábeo perfectamente porque tivemos ocasións de dialogar e de discutir construtivamente sobre isto hai moito tempo; en consecuencia, dende a pandemia, como vostede pode imaxinar, non privatizamos nada. ¿Supoño? Agradezo que sorría porque isto ben merece, cando menos, un sorriso dentro deste estado de alarma.

Señor Sánchez, dime que, como teño máis tempo, lea o *Boletín Oficial do Estado*. Permítame que o faga. Ademais da anticipación do voceiro do Partido Popular de Galicia, onde quedou claro que, efectivamente, o Ministerio de Sanidade é a máxima autoridade farmacolóxica do país, vostede sabe que nós non podemos comprar un só medicamento que non estea autorizado pola Axencia Española do Medicamento. Vostede sabe que nós non temos ningunha competencia para poñerlle prezo ao medicamento e para autorizar a súa comercialización e a súa compra no servizo sanitario galego se a Axencia Española do Medicamento non o autoriza. Pero, ademais de todo isto, permítame que lea algo. Efectivamente, o día 15 de marzo de 2020, ao día seguinte de declarar o estado de alarma,



exactamente o mesmo día, ponse: «Desde la entrada en vigor de la presente orden» —Ministerio de Sanidade— «todas las disposiciones y medidas de contención del coronavirus covid-19 en los supuestos enumerados en el artículo cuarto de esta orden que recaigan en el ámbito competencial de las comunidades autónomas se adoptarán por el Ministerio de Sanidad... La adopción de estas disposiciones o medidas se realizará de oficio o a solicitud motivada de las autoridades autonómicas competentes». «Artículo cuarto.c): Aseguramiento del abastecimiento de productos necesarios para la protección de salud pública...». ¿Como que non é competencia do Ministerio de Sanidade o aseguramento de todos os medicamentos e equipamentos en materia de saúde pública? Claro que lin o *Boletín Oficial do Estado*. E, volvo reiterar, non vou entrar, polo menos agora, nos problemas que estamos tendo para comprar en determinados provedores; non vou entrar nesta situación. Por conseguinte, un pouco de boa fe. Dicir unha cousa e dicir a contraria é moi fácil. Di que as comunidades autónomas podemos comprar, pero, cando chegamos a comprar, temos enormes dificultades, por decisións alleas ás comunidades autónomas. Eu non teño ningún interese en entrar nisto. Pero, como comprenderá, fale vostede cos presidentes autonómicos e cos xerentes dos servizos de saúde para explicarlles o que vostede me traslada.

Paréceme moi sorprendente que vostedes digan que o Servizo Galego de Saúde tiña moitas mascarillas —500.000— e que nós repartiamos as que podiamos. Pero, ¿non saben vostedes que a primeira obriga desde o punto de vista do Decreto de emerxencia sanitaria é garantir as mascarillas para o persoal sanitario? ¿Vostedes cren que nós podemos repartir mascarillas segundo nos pete? ¿Vostedes non saben que os servizos de medicina preventiva, que son os competentes, sinalan cales son as prioridades na repartición de mascarillas? O primeiro son os profesionais das urxencias, os profesionais de planta dos infecciosos e o persoal de coidados intensivos. Tiñamos mascarillas para polo menos cinco ou seis días. ¿A vostede lle parece que había moitas mascarillas e que non as repartimos? ¿Pero, realmente van seguir vostedes con este plantexamento de 500.00 mascarillas? ¡Pero se as 500.000 mascarillas as deberíamos ter todos os servizos de saúde como mínimo nunha situación de certa normalidade, imaxine nunha situación de emerxencia! Non entendo, exactamente como non son capaz de explicar que as 500.000 mascarillas as tiñamos exclusivamente para darlles seguridade mínima aos profesionais sanitarios.

Mire, eu non dixen en ningún caso que ía aprazar o imposto de patrimonio. Se realmente a vostede o que lle preocupa é que aprace o imposto de sucesións co número de mortes que está habendo neste momento en Galicia, esa é a súa responsabilidade, eu non a comparto, ¡non a comparto! E falar neste momento dos que teñen máis e dos que teñen menos... Eu volvo reiterar: ¿vostede quere dicir que os 110.000 millóns de euros de axudas ás empresas en España soamente van ser para unhas empresas, excluindo as empresas máis grandes?, ¿verdade que non? ¿Que lle parece a vostede que eu faga demagogia con isto dicindo que o seu ministerio de Traballo está tratando a todas as empresas por igual, as grandes e as pequenas? Un pouco de respecto e un pouco de sosiego e de tranquilidade en relación con este asunto.

Mire, volve vostede preguntarme por que cedo material a Madrid, pero ¿non se dá conta de que o ministro de Sanidade pode requisar todo o material que ten o Servizo Galego de Saúde? Se mañá o ministro de Sanidade decide requisar o material do Servizo Galego de Saúde,



requísao na súa totalidade. E preguntame por que cedemos once aparatos de UCI á Comunidade de Madrid. Vólvolle reiterar: hai unha chamada do secretario xeral de Asistencia Sanitaria do Ministerio ao conselleiro dicindo e solicitando material de UCI. Eu confirmo esa chamada chamando á presidenta da Comunidade de Madrid, e a presidenta da Comunidade de Madrid vólveme solicitar material de UCI. ¿Que cre que debo de facer?, ¿non remitir o material de UCI a Madrid, cando aínda non estamos no pico?

Mire, estou convencido de que se en Madrid pasase isto con anterioridade, conforme as previsións epidemiolóxicas que temos, iamos recibir moitísimo máis material de Madrid, no caso de necesitalo, do que nós enviamos para axudar a Madrid. ¿Que concepción temos do Estado? ¿Que concepción temos do país? ¿Que concepción temos dos pacientes? Se temos respiradores que non estamos utilizando neste momento, se a nosa previsión de incremento de camas de UCI é para dentro duns días, ¿como podemos ter respiradores sen utilizar cando hai pacientes en Madrid que non teñen respiradores?

Non entendo, señorías, determinadas discusións que estamos mantendo nesta Deputación Permanente, non as podó compartir, e simplemente, probablemente, me rebele ante elas porque non me parecen xustas, nin proporcionadas, nin razoables.

Claro que teño competencias en sanidade, señor Caballero, neste momento intervidas polo Goberno de España, e eu non estou criticando, pero se di que temos competencias de sanidade normais, eu dígolle que non. Neste momento estamos intervidos polo Goberno central. Cuestión distinta é que, salvo no material, esteamos en colaboración e en plena sintonía co Goberno en materia de sanidade. ¿Quere que veña aquí para dicirle que temos material garantido polo Ministerio de Sanidade? ¿Quere que minta? Non temos material garantido polo Ministerio de Sanidade, e eu non estou discutindo se o Ministerio de Sanidade ten capacidade de compra instalada para comprar material. Eu o que estou discutindo é a decisión de intentar centralizar sen ter suficiente estrutura loxística e administrativa para centralizar. O Ministerio de Sanidade está xestionando dous hospitais en España —¡dous hospitais en España!—, Melilla e Ceuta, nada máis. ¿Vostede cre que coa estrutura administrativa para xestionar os hospitais de Melilla e de Ceuta pode un arrogarse as posibilidades de comprar para 47 millóns de españois para as necesidades sanitarias en momento de pandemia? Esa é a discusión. É que é unha discusión razoable e é unha discusión técnica e solidamente construída.

Polo tanto, non pense que imos plantexar máis problemas que este. Vostedes non me perdoarían como presidente de Galicia que estivese calado ante a ausencia de material, non mo perdoarían. Por conseguinte, a min o que me interesa é que os galegos saiban que eu os vou defender e que vou ser solidario co resto dos cidadáns de España.

Por iso, señor Caballero, dicir que non nos anticipamos, cando o día 12 pechamos as clases ou cando o día 27 de febreiro xa construímos a estrutura administrativa para facer fronte a unha pandemia, é, cando menos, sorprendente. Igual que llo traslado ao das 500.000 mascarillas. Volve vostede coas 500.000 mascarillas. ¡Alá vostede! Non sei se algunha vez alguén lle vai explicar os stocks mínimos de asistencia sanitaria, pero sería bo que se enterase.



Mire, señor Caballero, non me parece de recibo que vostede estea criticando aquí o material que trasladamos aos concellos. En primeiro lugar, porque ¿é competencia das comunidades autónomas surtir de material os concellos? Primeira pregunta. ¿Cal é a competencia do Goberno do Estado? ¿Cal é a competencia da Federación Española de Municipios e Provincias? ¿Realmente a competencia é das comunidades autónomas?

E incluso fala de colaboración leal. En boa parte da súa mensaxe si houbo colaboración leal. Hai outras que eu lamento —leo literalmente—: «ridículo», «vergonzoso» e «insultante», «*los paquetitos ridículos*» que a Xunta de Galicia lles trasladou aos concellos. Leo literalmente expresións dos responsables socialistas da Administración local. É, cando menos, bochornoso.

Mire, se hai algún material que trasladou a Xunta de Galicia e que vostedes non necesitan, por favor, devólvano. Pero ¿como se pode dicir aquí que si trasladamos ou non trasladamos material suficiente, cando vostedes non son capaces de surtir de material a Policía Nacional e a Garda civil? ¿Cre vostede que nós somos os responsables de surtir de material de forma directa os concellos, cando o Goberno —o que vostede aquí está defendendo— non é capaz de dar material suficiente á Policía Nacional e á Garda Civil?

Onte recibín unha chamada dun doador de mascarillas do Servizo Galego de Saúde solicitándome se acepto que na seguinte remesa de doazóns de mascarillas se poidan destinar 30.000 á Policía Nacional da Coruña. E vén vostede aquí falar de que non mandamos suficiente material aos concellos...

Con todos os respectos, señor Caballero, eu quedo con todo o positivo desta sesión. Pero, dende logo, creo que hai algunhas cuestións que non son de recibo. Mire, acaba de saír unha noticia na que se fala de material defectuoso, de que 9.000 test que o Goberno central acaba de importar de China son defectuosos porque non teñen o rexistro sanitario chinés. Non sei se é verdade ou non é verdade, simplemente é a que acaba de saír, e vostede fáleme a min de se estaban caducadas unhas mascarillas ou uns guantes. Un pouco de respecto polos pacientes e un pouco de respecto por este pobo, que eu, dende logo, vou intentar respectar. Eu respecto todas as lexítimas diferenzas, pero, dende logo, quedo co importante, que é todo no que coincidimos. Na miña opinión, iso é o importante.

Sempre defendín que por riba das siglas dos partidos e da ideoloxía está o pobo galego, idea que compartimos todos os grupos, absolutamente. Con independencia das nosas diferenzas, o Grupo Mixto, o Grupo de Esquerda en Común, o Grupo do BNG e o Grupo do Partido Socialista temos infinidade de coincidencias. ¿Por que? Porque somos os representantes dun pobo unido e, en consecuencia, a nosa obriga é estar unidos. Podemos discutir sobre determinadas cuestións, como fixemos esta mañá, e seguro que haberá posibilidades de facelo con maior amplitude, pero ¿estamos hoxe unidos pola angustia e pola dor? Si. ¿Estamos unidos pola incertidume? Tamén. ¿Estamos unidos pola esperanza e pola confianza? Tamén. ¿Estamos orgullosos do noso pobo? Tamén. ¿E estamos demostrando que temos un pobo exemplar? Sen dúbida.

¿Cantas vidas están salvando os profesionais da sanidade neste momento? ¿Cantas vidas están salvando os profesionais dos servizos sociais? ¿Cantas vidas salvan as forzas e corpos



de seguridade do Estado? ¿Cantas vidas están salvando as medidas que adoptou Galicia anticipándose —si, anticipándose—? ¿E cantas vidas están salvando as medidas que adoptou o Goberno de España? ¿Cantas vidas salva cada un dos galegos que están cumprindo o seu confinamento nas súas casas? Non podemos cuantificalas, pero, dende logo, miles e miles de vidas. E algún día estou convencido de que podemos deixar de dar o parte diario dos pacientes e dos falecidos, cousa que me corresponde como presidente da Xunta. Pódolle asegurar que é a peor experiencia que un pode ter, despois do Alvia, e, en consecuencia, estou convencido de que se todos choramos xuntos, todos o podemos celebrar xuntos. Veñen días —díxeno desde hai tempo— e quizais semanas malos, porque na porcentaxe de contaxio por 100.00 habitantes Galicia está case na metade do total de España. Estamos protocolizando e buscando en toda a literatura internacional, na literatura americana, na literatura chinesa, coreana, alemana, todas as posibilidades epidemiolóxicas para intentar acertar na curva epidemiolóxica que cremos que con maior probabilidade se vai dar en Galicia. E traballamos para ter todas as vidas e toda a vida por diante para intentar buscar cal é a fórmula para conquerilo. Poden estar seguros de que nin a Xunta nin o Goberno de España, nin os concellos, nin os partidos, estean ou non no Goberno, imos parar ata que todos poidamos respirar tranquilos.

Cremos que nos debemos a todos os galegos. Volveremos abrazarnos todos os galegos porque nolo merecemos, e por iso soamente digo o que digo sempre: cóidense; cóidense porque está en xogo a súa vida, pero está en xogo a vida dos seres máis queridos, está en xogo a vida de todos os galegos e de todos os españois, está en xogo a vida de miles de persoas que están infectadas, está en xogo a vida de miles de persoas que contraeron o virus e aínda non están diagnosticadas e están en xogo moitas persoas que están diagnosticadas e ás que lles deu negativo o test, porque iso non significa que non lles dea positivo nos días seguintes. E están en xogo, en definitiva, cantidade de persoas que son absolutamente inocentes e que o único que queren é que sigamos traballando xuntos.

Pola nosa parte, iso está garantido, con independencia das posibles deficiencias ou erros que poidamos cometer —seguro— e con independencia de non estar de acordo en todo. Iso non é o importante, o importante non é estar de acordo en todo; o importante é compartir todas as inxedanzas, todas as demandas e todos os bos desexos de que pouco a pouco —hoxe falta un día menos— poidamos volver poder vivir con normalidade nunha Galicia que é un dos mellores lugares do mundo para vivir.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Antes de dar por rematada esta sesión, permítanme que faga constancia do noso agradecemento ao persoal do Parlamento que fixo posible que celebráramos esta sesión e, por suposto, tamén quero expresar un recoñecemento e un agradecemento infinito —xa foron explicitados aquí case todos— a todos os que están traballando incansablemente nesta pandemia. Tamén quero expresar a nosa solidariedade e afecto coas familias que perderon algún ser querido por mor desta pandemia e o noso alento a todos os enfermos e aos seus seres queridos.




Nada máis.

Rematou esta Deputación Permanente.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás tres e corenta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

